



**Concello de Vigo**

**ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL**  
**Sesión do 30 de DECEMBRO de 2021**

**ASISTENTES:**

**Membros :**

D. Abel Caballero Álvarez  
D. Francisco Javier Pardo Espiñeira  
D<sup>a</sup> Elena Espinosa Mangana  
D. Carlos López Font (virtual)  
D. Abel Losada Álvarez  
D. Jaime Aneiros Pereira (virtual)  
D<sup>a</sup> Yolanda Aguiar Castro  
D<sup>a</sup> Patricia Rodríguez Calviño (virtual)

**NON ASISTEN:**

D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Carmen Silva Rego  
D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> José Caride Estévez

Na Casa do Concello de Vigo, ás catorce horas e cinco minutos do día trinta de decembro de dous mil vinte e un e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Aguiar Castro, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión EXTRAORDINARIA E URXENTE de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, a secretaria de Admón. Municipal, Sra. Gallardo Fariña, e a interventora xeral adxunta, Sra. Gómez Corbal.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

**1(1144).- RATIFICACIÓN DA URXENCIA.**

A Xunta de Goberno local ratifica a urxencia da sesión.

Antes do tratamento dos asuntos para a súa aprobación, pola Secretaría do Goberno Local recóllese declaración expresa dos membros da Xunta de Goberno Local presentes na sesión de non incorrer en posible conflito de intereses, nos termos establecidos no modelo aprobado para a Xunta de Goberno Local por Resolución da Concellería Delegada de Xestión Municipal de data 24.02.2021, e de conformidade co Plan de Integridade na Contratación, aprobado pola Xunta de Goberno Local en data 12.12.2020, e o seu Desenvolvemento Operativo aprobado por resolución da Concellería Delegada de Xestión Municipal de data 17.12.2019.

**2(1145).- REAXUSTE DAS ANUALIDADES 2021-2022 DO CONTRATO DO SERVIZO DE CREACIÓN E DIFUSIÓN DE CAMPAÑAS E ACCIÓNS INSTITUCIONAIS DE PUBLICIDADE E COMUNICACIÓN PROMOVIDAS DENDE O CONCELLO DE VIGO. EXPTE. 18834/101.**

Visto o informe de fiscalización do 30/12/2021, dáse conta do informe-proposta da mesma data, asinado pola xefa da Unidade Administrativa de Alcaldía, a concelleira-delegada de Xestión Municipal e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

**Antecedentes.**

**Primeiro.-** A Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria do 4 de febreiro de 2021, adoptou o acordo de adxudicar a ECOVIGO PUBLICIDAD, S.L. (B-36.614.808) o “procedemento aberto para a contratación do servizo de creación e difusión de de campañas e accións institucionais de publicidade e comunicación promovidas desde o Concello de Vigo” (18.174-101) por un prezo total de 1.387.835,32 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 240.863,98 euros.

No antedito acordo establececese que o importe máximo do contrato 1.387.835,32 € con cargo as aplicacións orzamentarias:

- 9120.2279906 (produción e seguimento de medios) por importe de 280.381,15 €
- 9121.2260200 (anuncios e campañas institucionais, por importe de 1.107.454,17€

**Segundo.-** Con data 15 de marzo de 2021 a xefa da unidade administrativa coa conformidade da Concelleira delegada da Área de Contratación, Patrimonio e Xestión municipal, Patricia Rodríguez Calviño emite informe sobre as anualidades do contrato da prestación do servizo de creación e difusión de campañas e accións institucionais de publicidade e comunicación promovidas dende o Concello de Vigo (trámite 389 do expediente) sendo os importes para cada anualidade os seguintes:

➤ **Ano 2021:**

9120.2279906 (produción e seguimento de medios) 262.381,15 €  
9121.2260200 (anuncios e campañas institucionais, 1.071.454,17€

➤ **Ano 2022:**

9120.2279906 (produción e seguimento de medios) por importe de 18.000 €  
9121.2260200 (anuncios e campañas institucionais) por importe de 36.000 €

**Terceiro.-** Con data 3 de marzo de 2021 asinouse o contrato relativo ao procedemento aberto para a “contratación da prestación do servizo de creación e difusión de campañas e accións institucionais de publicidade e comunicación promovidas desde o Concello de Vigo” (expediente nº 18174) cuxa adxudicación a favor de ECOVIGO PUBLICIDAD, S.L. CIF.: B-36614808 foi aprobada pola Xunta de GOBERNO Local con data 4 de febreiro de 2021. Procedese pola Intervención xeral a realización dos seguintes documentos económicos:



## Concello de Vigo

### Anualidade 2021:

- Documento económico D 32269 con cargo á aplicación 9120.2279906 con un importe inicial de 262.381,15 euros e un saldo a data 30 de decembro de 127.584,13 euros.
- Documento económico D 32270 con cargo a la aplicación 9121 2260200 con un importe inicial de 1.071.454,17 euros e un saldo a data 30 de decembro de 138.056,01 euros.

### Anualidade 2022:

- Documento económico ADFUT 32273 con cargo á aplicación 9120.2279906 con un importe de 18.000 euros.
- Documento económico ADFUT 32274 con cargo a la aplicación 9121 2260200 con un importe 36.000 euros.

Todos os documentos económicos anteditos son a favor de ECOVIGO PUBLICIDADE, S.L CIF.: B-36614808 como adxudicatario do contrato.

O expediente de contratación foi tramitado de acordo co disposto na Lei Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (LCSP).

En virtude do artigo 96 do Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas, procede o axuste as anualidades establecidas nun contrato, cando se produza un desaxuste entre as anualidades e as necesidades reais, e sempre que o permitan os remanentes dos créditos aplicables.

### **INFORME**

Á vista do exposto nos antecedentes, con data 11/10/2021 o Servizo de Turismo solicita á Alcaldía (documento 210206104) a prestación dunha serie de servizos con cargo ao expediente 18174-101 relacionados coa campaña de promoción turística do destino Vigo na Feira Fitur que terá lugar en xaneiro de 2022, consistente en:

- Creatividade da campaña de publicidade para a promoción turística de Vigo na Feira Fitur.
- Creatividade da imaxe e claim (lema) publicitario para utilizar nos diferente soportes.
- Deseño e produción das pezas e elementos creativos para a súa difusión nos distintos medios de comunicación (cuñas radiofónicas, anuncios para prensa escrita e dixital e televisión).
- Compra dos espazos publicitarios en medios de comunicación.
- 

Con data 29/10/2021 a Xefa da unidade administrativa da Alcaldía da traslado á ECOVIGO PUBLICIDADE, S.L. para que proceda a presupostar as accións encadradas dentro do contrato 18174-101 e comunica ao servizo de turismo as accións que poderían encadrarse dentro do contrato segundo as especificación de prego técnico e que son as seguintes:

- Deseño da imaxe e as creatividade individuais para a campaña de promoción turística do destino Vigo con motivo de FITUR e desenvolvemento de accións puntuais dentro dela.

- Realización do Plan de medios para a antedita campaña en base á Estratexia de comunicación xeral: selección e proposta de medios (prensa escrita, medios dixitais, radios, televisión local) e soportes publicitarios, periodicidade e número de impactos publicitarios en base ao “ranking” de audiencias. Adecuación do plan de medios a cada tipoloxía do público obxectivo.
- Producción, maquetación e impresión de material gráfico, e de anuncios en medios e soportes publicitarios,
- Compra dos espazos publicitarios e insercións en medios de comunicación prensa, medios dixitais, radio e televisión e demais soportes publicitarios.

Una vez feita a avaliación económica das necesidades anteditas do Servizo de Turismo para FITUR determinase que o importe destinado para a anualidade 2022 é insuficiente, e que é necesario facer un reaxuste de anualidades coa fin de darlle cobertura a esta necesidade.

Polo que en virtude do artigo 96 do Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas, e á vista das anteriores circunstancias e previo o informe da Intervención Xeral, propónse á Xunta de Goberno Local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

#### **PROPOSTA:**

“Aprobar o reaxuste de anualidades do crédito quedando o contrato de acordo coa seguinte distribución de anualidades:

##### ➤ **Ano 2021:**

9120.2279906 (producción e seguimento de medios) 177.381,15 €

9121.2260200 (anuncios e campañas institucionais, 1.071.454,17€

##### ➤ **Ano 2022:**

9120.2279906 (producción e seguimento de medios) por importe de 103.000 €

9121.2260200 (anuncios e campañas institucionais) por importe de 36.000 €

	<b>ADXUDICACION</b>	<b>2021</b>	<b>2022</b>
9120.2279906	280.381,15	262.381,15	18.000,00
Reaxuste		-85.000,00	85.000,00
		<b>177.381,15</b>	<b>103.000,00</b>
9121.2260200	1.107.454,17	1.071.454,17	36.000,00
Reaxuste		0,00	0,00
		<b>1.071.454,17</b>	<b>36.000,00</b>
<b>Total</b>	<b>1.387.835,32</b>	<b>1.248.835,32</b>	<b>139.000,00</b>

#### **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.



## Concello de Vigo

### **3(1146).- MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE INCREMENTO DE VALOR DOS TERREOS DE NATUREZA URBANA (6). EXPTE. 2850/500.**

Visto o acordo favorable do Tribunal Económico Administrativo do 21/12/2021 e o informe de fiscalización do 23/12/2021, dáse conta do informe-proposta do 20/12/2021, asinado pola técnica xurídica de Dirección de Ingresos e xefa da Inspección de Tributos, a directora de Ingresos e o concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

#### **1.NORMATIVA APLICABLE:**

- Constitución española de 27 de decembro de 1978.
- Lei 7/1985, de 2 de abril, de bases do réxime local.
- Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais (en adiante, TRLRFL) **modificado por Real Decreto Lei 26/2021 de 8 de novembro.**
- Lei 5/1997, de 22 de xullo, de administración local de Galicia.
- Lei 58/2003, de 17 de decembro, xeral tributaria (en adiante, LXT), modificada por Lei 11/2021, de 9 de xullo de medidas de prevención e loita contra o fraude fiscal, de transposición da Directiva (UE) 2016/1164, do Consello de 12 de xullo de 2016, pola que se establecen normas contra ás practicas de elusión fiscal que inciden directamente no funcionamento do mercado interior, de modificación de diversas normas tributarias e en materia de regulación do xogo.
- Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (en adiante, LPAC).
- RD 203/2021 de 30 de marzo polo que se aproba o Regulamento da actuación e funcionamento do sector público por medios electrónicos.
- Real Decreto 939/2015 de 29 de xullo, polo que se aproba o Regulamento xeral de recadación, modificado polo Real Decreto 1071/2017 de 29 de decembro (en adiante, RXR).

#### **2. ANTECEDENTES DE FEITO.**

**Primeiro.-** Mediante Acordo plenario de data 17.12.2012 aprobouse a última modificación da presente ordenanza fiscal reguladora do Incremento de Valor dos terreos de natureza urbana.

**Segundo.-** O Sr. Concelleiro-Delegado da Área de Orzamentos e Facenda ditou orde de inicio de expediente de modificación en data 19.11.2021.

#### **3. CONSIDERACIÓNS TÉCNICAS E XURÍDICAS.**

A recente Sentenza do Tribunal Constitucional 182/2021, do 26 de outubro (publicada no BOE nº 282 de 25 de novembro de 2021) declarou a inconstitucionalidade e nulidade dos artigos 107.1 segundo parágrafo, 107.2.a) e 107.4 do Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado por Real Decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo (en adiante,

TRLRFL), deixando un vacío normativo sobre a determinación da base imponible que impide a liquidación, comprobación, recadación deste tributo local e, polo tanto, a súa esixibilidade.

Co fin de dar cumprimento ao mandato do Tribunal Constitucional contido na citada sentenza así como nas anteriores 59/2017 e 126/2019, con data 9 de novembro do 2021 publícase no BOE nº 268 de 9 de novembro de 2021 o Real Decreto Lei 26/2021, do 8 de novembro, *polo que se adapta o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado por Real Decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo á recente xurisprudencia do Tribunal Constitucional*, sen que signifique a creación ex novo dun tributo, senón unha reforma parcial que se limita a introducir un novo suposto de non suxeición e a modificar o método de determinación da base imponible.

Aínda que esta modificación resulta xa de aplicación dende o 10 de novembro de 2021, a Disposición Transitoria única determina que no prazo de seis meses dende a entrada en vigor deste Real Decreto lei deban axeitarse ao disposto no mesmo as ordenanzas fiscais do tributo.

Conforme ao anterior procedemos a adecuar ao vixente TRLRFL no modificado polo citado Real Decreto Lei 26/2011 de 26 de novembro.

A máis do anterior, introdúcese unha Disposición Adicional que recolle normas de rango legal aplicables directamente a este imposto.

Tamén se simplifica o procedemento de xestión e se contempla un convenio de colaboración coa ATRIGA (artigo 13).

A modificación legal introducida ten as seguintes finalidades: non permitir gravame en situacións nas que non haxa “incremento de valor do terreo”, atempar a cota tributaria á contía do citado incremento de valor mediante a formulación do dous métodos de cálculo alternativos e gravar supostos de incrementos de valor xerados en períodos inferiores a un ano por seren estes os que poidan ter un carácter máis especulativo

A continuación faise un desglose das modificacións introducidas:

- No artigo 3 introdúcese un apartado 5 que constitúe unha transcripción do artigo único do Real decreto lei 26/2021 de 8 de novembro.
- O texto íntegro do artigo 7 relativo á base imponible do imposto constitúe unha transcripción do artigo 107 apartados 1,2,4, e 5 do TRLRFL redactado conforme ao apartado 2 do artigo único do Real Decreto Lei 26/2021 de 8 de novembro.
- A redacción proposta para o artigo 10 relativa á xestión do imposto simplifica a obriga do suxeito pasivo, relata os sucesivos trámites do expediente e incorpora o artigo 110.4 do TRLRFL relativo á comprobación de valores, bases ou cotas.
- Por último, introdúcese un novo artigo 13 a vontade de subscribir convenio coa Administración Tributaria da Comunidade Autónoma, de conformidade co disposto no artigo 110.8 do TRLRFL.

#### **4. INFORME SOBRE REPERCUSIÓN ORZAMENTARIA.**

Para os efectos do disposto no artigo 129.7 da Lei 39/2015, cómpre indicar que a presente adaptación non terá repercusión dende o punto de vista das previsións na correspondente partida orzamentaria de ingresos do exercicio 2022.



## Concello de Vigo

Compre facer constar que a aplicación das novas normas de calculo do imposto significarán, respecto da anterior normativa, unha menor cota tributaria para transmisións nas que o período de xeración de incremento de valor sexa superior a 5 anos e unha maior cota tributaria para transmisións con períodos inferiores a 5 anos. Por outra parte aparece un novo suposto de gravame para que as transmisións que se suceden cun período inferior a 1 ano que antes non tiñan gravame.

Con todo, no transcurso do exercicio 2022, de producirse minoración de ingresos, esta sería compensada con actuacións de regularización tributaria no marco do plan anual de control tributario.

### **5. INNECESARIEDADE DO TRÁMITE PREVISTO NO ARTIGO 133 DA LEI 39/2015.**

Segundo o apartado 4 do artigo 133 da Lei 39/2015, *“cando a proposta normativa non teña un impacto significativo na actividade económica, non impoña obrigas relevantes aos destinatarios ou regule aspectos parciais dunha materia, poderá omitirse a consulta pública”* a que se refire o apartado 1 do mesmo artigo.

Segundo informe do Tribunal Económico Administrativo do Concello de Vigo de data 20.06.17 coincidente co da Dirección Xeral de Tributos de data 10 de xaneiro de 2018: *“o trámite de consulta previa debe substanciarse cando se trata dunha nova ordenanza fiscal, mentres que no caso da modificación dunha ordenanza fiscal aprobada con anterioridade, pode obviarse dito trámite por tratarse dunha regulación parcial da materia”*.

### **Tramitación da modificación.**

O expediente deberá ser tramitado conforme dispón o artigo 111 da LRBRL, artigos 15 a 19 do RDL 2/2004 de 5 de marzo que aproba o TRLRFL e artigo 137 apartado 1 b) da citada LRBRL.

Segundo informe do TEA do Concello de data 15 de xuño de 2018, *«unha vez incorporados os correspondentes informes xurídicos, técnicos e económicos, será redactado Informe-Proposta e o expediente será remitido á Intervención Xeral. Expresamente se solicitará a dito órgano que “de conformidade co indicado polo TEACV, órgano competente para o Ditame sobre os Proxectos de Ordenanzas Fiscais, deberá informarse sobre o cumprimento dos obxectivos de estabilidade orzamentaria, suficiencia financeira e demais restricións orzamentarias que se puideran derivar do acordo proposto”*.

*Con carácter potestativo poderá solicitarse ao TEACV, como ven sucedendo dende a creación deste, informe previo sobre a legalidade da Proposta de Proxecto que se somete a aprobación da Xunta de Goberno Local, a fin de que, tanto polos órganos políticos como polos administrativos, exista garantía sobre a conformidade no Ditame que será emitido con posterioridade á aprobación, no seu caso, da Proposta de Proxecto pola Xunta de Goberno Local. Así mesmo, e se este órgano así o estima conveniente, complementa o control de legalidade de quen teña atribuída dita función nos asuntos que deban ser sometidos á consideración da Xunta de Goberno Local.*

*Unha vez aprobado o Proxecto pola Xunta de Goberno Local será novamente remitido ao TEACV, quen elaborará o correspondente Ditame. Incorporado o preceptivo Ditame, o expe-*

*diente, agora xa completo, será remitido á Secretaría do Pleno a fin da súa posta de manifesto aos voceiros dos grupos municipais e para o seu estudio e debate en Comisión Informativa e no Pleno.*

*De producirse transaccións políticas na fase de Propostas de emendas que varíen a redacción do Proxecto, deberá remitirse novamente o texto modificado á Intervención Xeral para o referido informe sobre cumprimento de restricións orzamentarias como previo á aprobación pola Xunta de Goberno Local do texto modificado e sometido a novo Ditame do TEACV.*

*O expediente co texto aprobado pola Xunta de Goberno Local e ditaminado polo TEACV someterase a estudio e aprobación pola Comisión Informativa correspondente e será remitido para a súa aprobación provisional polo Pleno.*

*Producida dita aprobación provisional, exporase ao público por prazo de trinta días a fin de que, por quen teña a condición de interesado, poida ser plantexada a oportuna reclamación.*

*De ser presentadas reclamacións, determinarase previamente a admisibilidade das mesmas e, entre as admitidas, resolverase estimando ou desestimando as mesmas, dándose conta á Xunta de Goberno Local e remitíndose ao Pleno para aprobación definitiva. No caso de non presentarse reclamacións ou incorrer todas as presentadas en causa de inadmisibilidade, entenderase aprobado o texto sen necesidade de remisión ao Pleno para a súa aprobación definitiva.*

*No caso de ser presentadas reclamacións admisibles contra o acordo de aprobación provisional, sexan estimadas ou non, procederá a remisión ao Pleno aos efectos da aprobación definitiva. No caso de que pola estimación de reclamación contra o Acordo de aprobación provisional se modificase este, o texto da Ordenanza será remitido previamente ao TEACV para novo Ditame».*

Á vista do anterior, esta Dirección de Ingresos propón á Xunta de Goberno local a adopción do seguinte,

#### **ACORDO:**

**PRIMEIRO.-** Aprobar o seguinte Proxecto de Adaptación da Ordenanza Fiscal:

#### **ADAPTACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE INCREMENTO DE VALOR DOS TERREOS DE NATUREZA URBANA AO REAL DECRETO LEI 26/2021 DE 8 DE NOVIEMBRE.**

Os seguintes artigos quedan redactados como segue:

#### **ARTIGO 3.- NON SUXEICIÓN.**

4. Non se producirá a suxeición ao imposto nas transmisións de terreos respecto dos cales se constate a inexistencia de incremento de valor por diferenza entre os valores de ditos terreos nas datas de transmisión e adquisición.

Para iso, o/a interesado/a en acreditar a inexistencia de incremento de valor deberá declarar a transmisión, así como aportar os títulos que documenten a transmisión e a adquisición,





## Concello de Vigo

entendéndose por interesados/as, a estes efectos, as persoas ou entidades a que se refire o artigo 6 desta ordenanza.

Para constatar a inexistencia de incremento de valor, como valor de transmisión ou de adquisición tomarase, en casa caso, o maior dos seguintes valores, sen que a estes efectos poidan computarse os gastos ou tributos que graven ditas operacións: o que conste no título que documente a operación ou o comprobado, no seu caso, pola Administración Tributaria.

Cando se trate da transmisión dun inmovible no que haxa solo e construción, tomarase como valor do solo a estes efectos o que resulte de aplicar a proporción que represente na data da devindicación do imposto o valor catastral do terreo respecto do valor catastral total e esta proporción aplicarase tanto ao valor de transmisión como, no seu caso, ao de adquisición.

Se a adquisición ou a transmisión tivera sido a título lucrativo aplicaranse as regras dos parágrafos anteriores tomando, no seu caso, polo primeiro dos dous valores a comparar sinalados anteriormente, o declarado no Imposto sobre Sucesións e Doazóns.

Na posterior transmisión dos inmovibles aos que se refire este apartado, para o cómputo do número de anos ao longo dos cales se tivera posto de manifesto o incremento do valor dos terreos, non se terá en conta o período anterior á súa adquisición. O disposto neste parágrafo non será de aplicación nos supostos de aportacións ou transmisións de bens inmovibles que resulten non suxeitas en virtude do disposto no apartado 3 deste artigo ou na disposición adicional segunda da Lei 27/2014, do 27 de novembro, do Imposto sobre sociedades.

### **ARTIGO 7.- BASE IMPOÑIBLE.**

1. A base imponible deste imposto está constituída polo incremento do valor dos terreos posto de manifesto no momento da devindicación e experimentado ao longo dun período máximo de vinte anos, e determinarase, sen prexuízo do disposto no apartado 4 deste artigo, multiplicando o valor do terreo no momento da devindicación calculado conforme ao establecido no apartado 2 seguinte, polo coeficiente que corresponda ao período de xeración conforme ao previsto no seu apartado 3 seguinte.

2. O valor do terreo no momento da devindicación resultará do establecido nas seguintes regras:

a) Nas transmisións de terreos, o valor destes no momento da devindicación será o que teñan determinado en dito momento a efectos do Imposto sobre Bens Inmovibles.

Non obstante, cando dito valor sexa consecuencia dunha ponencia de valores que non reflecta modificacións de planeamento aprobadas con posterioridade á aprobación da citada ponencia, poderase liquidar provisionalmente este imposto con arranxo a aquel.

Nestes casos, na liquidación definitiva aplicarase o valor dos terreos unha vez se tivera obtivo do conforme aos procedementos de valoración colectiva que se instrúan, referido á data da devindicación. Cando esta data non coincida coa de efectividade dos novos valores catastrais, estes correxiránse aplicando os coeficientes de actualización que correspondan, establecidos ao efectos nas leis de Orzamentos Xerais do Estado.

Cando o terreo, aínda sendo de natureza urbana ou integrado nun ben inmovible de características especiais, no momento da devindicación do imposto, non teña determinado

valor catastral en dito momento, o Concello poderá practicar a liquidación cando o referido valor catastral sexa determinado, referindo dito valor ao momento da devindicación.

b) Na constitución e transmisión de dereitos reais de goce limitativos do dominio, as porcentaxes anuais contidas no apartado 3 deste artigo, aplicaranse sobre a parte do valor definido no apartado a) anterior que represente, respecto de aquel, o valor dos referidos dereitos calculado mediante a aplicación das normas fixadas a efectos do Imposto sobre Transmisións Patrimoniais e Actos Xurídicos Documentados.

c) Na constitución ou na transmisión do dereito a elevar unha ou máis plantas sobre un edificio ou terreo, ou do dereito de realizar a construción baixo solo sen implicar a existencia dun dereito real de superficie, as porcentaxes anuais contidas no apartado 3 deste artigo aplicaranse sobre a parte do valor definido no parágrafo a) que represente, respecto de aquel, o módulo de proporcionalidade fixado na escritura de transmisión ou, na súa falta, o que resulte de establecer a proporción entre a superficie ou volume das plantas para construír en voo ou subsolo e a total superficie ou volume edificadas unha vez construídas aquelas.

d) Nos supostos de expropiacións forzosas, as porcentaxes anuais contidas no apartado 3 deste artigo aplicaranse sobre a parte do prezo xusto que corresponda ao valor do terreo, salvo que o valor definido no parágrafo a) do apartado 2 anterior fose inferior, nese caso prevalecerá este último sobre o prezo xusto.

3. O período de xeración do incremento de valor será o número de anos ao longo dos cales se puxera de manifesto devandito incremento.

Nos supostos de non suxeición, salvo que por lei se indicase outra cousa, para o cálculo do período de xeración do incremento de valor posto de manifesto nunha posterior transmisión do terreo, tomarase como data de adquisición, para os efectos do disposto no parágrafo anterior, aquela na que se produciu a anterior devindicación do imposto.

No cómputo do número de anos transcorridos tomaranse anos completos, é dicir, sen ter en conta as fraccións de ano. No caso de que o período de xeración sexa inferior a un ano, se prorrateará o coeficiente anual tendo en conta o número de meses completos, é dicir, sen ter en conta as fraccións de mes.

O coeficiente a aplicar sobre o valor do terreo no momento da devindicación, calculado conforme ao disposto nos apartados anteriores, corresponderase, en todo caso, co coeficiente indicado no artigo 107.4 do TRLRFL, na redacción vixente no momento da devindicación.

Na súa redacción actual, o coeficiente é o seguinte:

Período de xeración	Coeficiente
Inferior a 1 ano	0,14
1 ano	0,13
2 anos	0,15
3 anos	0,16
4 anos	0,17
5 anos	0,17
6 anos	0,16



## Concello de Vigo

7	anos	0,12
8	anos	0,10
9	anos	0,09
10	anos	0,08
11	anos	0,08
12	anos	0,08
13	anos	0,08
14	anos	0,10
15	anos	0,12
16	anos	0,16
17	anos	0,20
18	anos	0,26
19	anos	0,36
Igual ou superior a 20 anos		0,45

4. Cando, a instancia do suxeito pasivo, conforme ao procedemento establecido no apartado 5 do artigo 3 desta ordenanza, se constate que o importe do incremento de valor é inferior ao importe da base imponible determinada conforme o disposto nos apartados 2 e 3 deste artigo, tomarase como base imponible o importe de dito incremento de valor.

Elimínase o vixente artigo 8.

O artigo 9 COTA pasa a artigo 8 COTA, quedando redactado como segue:

### **ARTIGO 8.- COTA**

1. A cota íntegra deste imposto será o resultado de aplicar á base imponible que resulte da aplicación do artigo 7, o tipo de gravame do 30%.

2. A cota líquida do imposto será o resultado de aplicar sobre a cota íntegra a bonificación prevista no artigo 5 da presente ordenanza

O artigo 10 DEVINDICACIÓN pasa a artigo 9 DEVINDICACIÓN

O artigo 11 XESTIÓN pasa a 10 XESTIÓN, quedando redactado como segue:

### **ARTIGO 10.- XESTIÓN.**

1. Os suxeitos pasivos están obrigados a presentar no Concello as escrituras ou documentos nos que se poñen de manifesto as transmisións.

Poderán presentar tamén a escritura ou documento de adquisición a efectos de determinar se houbo ou non incremento de valor por diferenza entre os valores dos terreos nas datas de transmisión e adquisición.

No caso de transmisións mortis causa acompañarán declaracións do imposto de sucesións.

2. Os prazos para presentar declaración e no seu caso realizar o ingreso da autoliquidación serán os seguintes:

- Cando se trate de actos inter-vivos, trinta días hábiles a partir da data de devindicación.
- Cando se trate de actos por causa de morte, seis meses prorrogables ata un ano, previa solicitude do suxeito pasivo.

3. Os/As declarantes recibirán borrador da autoliquidación do imposto que será confirmada mediante o pagamento na data límite que figura naquel.

4. O ingreso poderá realizarse mediante pagamento on line ou ben a través de entidade colaboradora.

5. Excedida a data límite do pagamento que consta no borrador sen o pagamento do importe da autoliquidación, procederáase ao cobro daquela polo procedemento de prema previsto nos artigos 160 e seguintes da Lei xeral tributaria.

6. Os suxeitos pasivos poderán instar a rectificación da autoliquidación conforme ao disposto no artigo 120.3 da Lei xeral tributaria.

7. Sen prexuízo das comprobacións derivadas do disposto no apartado 5 do artigo 3 e apartado 4 do artigo 7 desta ordenanza, a Administración Tributaria do Concello só poderá comprobar que nas autoliquidacións se aplicaron de forma correcta as normas reguladoras do imposto, sen que poidan atribuírse valores, bases ou cotas diferentes das resultantes de tales normas.

*O artigo 12 OBRIGAS DE PERSOAS DISTINTAS DO SUXEITO PASIVO pasa a artigo 11.*

*O artigo 13 INFRACCIÓNS E SANCIÓNS pasa a artigo 12.*

Engádese un novo artigo 13 do seguinte tenor literal:

#### **ARTIGO 13.- CONVENIO ATRIGA.**

A Administración Tributaria do Concello poderá subscribir coa ATRIGA convenio de colaboración e intercambio de información tributaria para a xestión eficiente deste imposto, en particular para a determinación da base imponible por diferenza entre valor de transmisión e valor de adquisición ou para a determinación da non suxeición ao imposto.

Suprímese a Disposición Transitoria e engádese a Disposición Adicional seguinte:

#### **DISPOSICIÓN ADICIONAL**

Resultarán de aplicación directa no presente imposto as seguintes disposicións con rango de lei: - apartado terceiro da Disposición Adicional vixésimo sexta da Lei 31/1991, de 30 de decembro, pola que se aproban os orzamentos xerais do Estado para 1992

- artigo 15 da Lei 49/2002, de 23 de decembro, de réxime fiscal das entidades sen fins lucrativos e dos incentivos fiscais ao mecenado

- artigo 104.4 do TRLRFL segundo Disposición Final Oitava da Lei 26/2013, de 27 de decembro, de caixas de aforros e fundacións bancarias.

- artigo 105.1.c) do TRLRFL segundo apartado 1 do artigo 123 da Lei 18/2014, de 15 de outubro, de aprobación de medidas urxentes para o crecemento, a competitividade e a eficiencia.

- Disposición Adicional Segunda da Lei 27/2014, de 27 de novembro, do imposto de sociedades

- artigo 23.7 do Real Decreto legislativo 7/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o Texto refundido da Lei do solo e rehabilitación urbana



## Concello de Vigo

- artigo 17.9 do Real Decreto Lei 5/2021, de 12 de marzo, de medidas extraordinarias de apoio á solvencia empresarial en resposta á pandemia da covid-19.

Igualmente, serán de aplicación directa a este imposto calquera outra disposición con rango de lei que entre en vigor con posterioridade á aprobación da presente Ordenanza.

### DISPOSICIÓN FINAL.

A presente ordenanza fiscal entrará en vigor ao día seguinte da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresas.

**SEGUNDO.-** Propoñer ao Pleno, previos Ditames do Tribunal Económico-Administrativo do Concello de Vigo e da Comisión Informativa de Orzamentos e Facenda a adopción do seguinte **ACORDO**:

**1º) Aprobar provisionalmente a “ADAPTACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE INCREMENTO DE VALOR DOS TERREOS DE NATUREZA URBANA AO REAL DECRETO LEI 26/2021 DE 8 DE NOVIEMBRE”**

### ARTIGO 3.- NON SUXEIÇÃO.

4. Non se producirá a suxeición ao imposto nas transmisións de terreos respecto dos cales se constate a inexistencia de incremento de valor por diferenza entre os valores de ditos terreos nas datas de transmisión e adquisición.

Para iso, o/a interesado/a en acreditar a inexistencia de incremento de valor deberá declarar a transmisión, así como aportar os títulos que documenten a transmisión e a adquisición, entendéndose por interesados/as, a estes efectos, as persoas ou entidades a que se refire o artigo 6 desta ordenanza.

Para constatar a inexistencia de incremento de valor, como valor de transmisión ou de adquisición tomarase, en casa caso, o maior dos seguintes valores, sen que a estes efectos poidan computarse os gastos ou tributos que graven ditas operacións: o que conste no título que documente a operación ou o comprobado, no seu caso, pola Administración Tributaria.

Cando se trate da transmisión dun inmovible no que haxa solo e construción, tomarase como valor do solo a estes efectos o que resulte de aplicar a proporción que represente na data da devindicación do imposto o valor catastral do terreo respecto do valor catastral total e esta proporción aplicarase tanto ao valor de transmisión como, no seu caso, ao de adquisición.

Se a adquisición ou a transmisión tivera sido a título lucrativo aplicaranse as regras dos parágrafos anteriores tomando, no seu caso, polo primeiro dos dous valores a comparar sinalados anteriormente, o declarado no Imposto sobre Sucesións e Doazóns.

Na posterior transmisión dos inmoibles aos que se refire este apartado, para o cómputo do número de anos ao largo dos cales se tivera posto de manifesto o incremento do valor dos terreos, non se terá en conta o período anterior á súa adquisición. O disposto neste parágrafo non será de aplicación nos supostos de aportacións ou transmisións de bens inmoibles que resulten non suxeitas en virtude do disposto no apartado 3 deste artigo ou na

disposición adicional segunda da Lei 27/2014, do 27 de novembro, do Imposto sobre sociedades.

#### **ARTIGO 7.- BASE IMPOÑIBLE.**

1. A base imponible deste imposto está constituída polo incremento do valor dos terreos posto de manifesto no momento da devindicación e experimentado ao longo dun período máximo de vinte anos, e determinarase, sen prexuízo do disposto no apartado 4 deste artigo, multiplicando o valor do terreo no momento da devindicación calculado conforme ao establecido no apartado 2 seguinte, polo coeficiente que corresponda ao período de xeración conforme ao previsto no seu apartado 3 seguinte.

2. O valor do terreo no momento da devindicación resultará do establecido nas seguintes regras:

a) Nas transmisións de terreos, o valor destes no momento da devindicación será o que teñan determinado en dito momento a efectos do Imposto sobre Bens Inmóveis. Non obstante, cando dito valor sexa consecuencia dunha ponencia de valores que non reflecta modificacións de planeamento aprobadas con posterioridade á aprobación da citada ponencia, poderase liquidar provisionalmente este imposto con arranxo a aquel.

Nestes casos, na liquidación definitiva aplicarase o valor dos terreos unha vez se tivera obtivo do conforme aos procedementos de valoración colectiva que se instrúan, referido á data da devindicación. Cando esta data non coincida coa de efectividade dos novos valores catastrais, estes correxiránse aplicando os coeficientes de actualización que correspondan, establecidos ao efectos nas leis de Orzamentos Xerais do Estado.

Cando o terreo, aínda sendo de natureza urbana ou integrado nun ben inmóvil de características especiais, no momento da devindicación do imposto, non teña determinado valor catastral en dito momento, o Concello poderá practicar a liquidación cando o referido valor catastral sexa determinado, referindo dito valor ao momento da devindicación.

b) Na constitución e transmisión de dereitos reais de goce limitativos do dominio, as porcentaxes anuais contidas no apartado 3 deste artigo, aplicaranse sobre a parte do valor definido no apartado a) anterior que represente, respecto de aquel, o valor dos referidos dereitos calculado mediante a aplicación das normas fixadas a efectos do Imposto sobre Transmisións Patrimoniais e Actos Xurídicos Documentados.

c) Na constitución ou na transmisión do dereito a elevar unha ou máis plantas sobre un edificio ou terreo, ou do dereito de realizar a construción baixo solo sen implicar a existencia dun dereito real de superficie, as porcentaxes anuais contidas no apartado 3 deste artigo aplicaranse sobre a parte do valor definido no parágrafo a) que represente, respecto daquel, o módulo de proporcionalidade fixado na escritura de transmisión ou, na súa falta, o que resulte de establecer a proporción entre a superficie ou volume das plantas para construír en voo ou subsolo e a total superficie ou volume edificadas unha vez construídas aquelas.

d) Nos supostos de expropiacións forzosas, as porcentaxes anuais contidas no apartado 3 deste artigo aplicaranse sobre a parte do prezo xusto que corresponda ao valor do terreo, salvo que o valor definido no parágrafo a) do apartado 2 anterior fose inferior, nese caso prevalecerá este último sobre o prezo xusto.



## Concello de Vigo

3. O período de xeración do incremento de valor será o número de anos ao longo dos cales se puxera de manifesto devandito incremento.

Nos supostos de non suxeición, salvo que por lei se indicase outra cousa, para o cálculo do período de xeración do incremento de valor posto de manifesto nunha posterior transmisión do terreo, tomarase como data de adquisición, para os efectos do disposto no parágrafo anterior, aquela na que se produciu a anterior devindicación do imposto.

No cómputo do número de anos transcorridos tomaranse anos completos, é dicir, sen ter en conta as fraccións de ano. No caso de que o período de xeración sexa inferior a un ano, se prorrateará o coeficiente anual tendo en conta o número de meses completos, é dicir, sen ter en conta as fraccións de mes.

O coeficiente a aplicar sobre o valor do terreo no momento da devindicación, calculado conforme ao disposto nos apartados anteriores, corresponderase, en todo caso, co coeficiente indicado no artigo 107.4 do TRLRFL, na redacción vixente no momento da devindicación.

Na súa redacción actual, o coeficiente é o seguinte:

Período de xeración Coeficiente

Inferior a 1 ano	0,14
1 ano	0,13
2 anos	0,15
3 anos	0,16
4 anos	0,17
5 anos	0,17
6 anos	0,16
7 anos	0,12
8 anos	0,10
9 anos	0,09
10 anos	0,08
11 anos	0,08
12 anos	0,08
13 anos	0,08
14 anos	0,10
15 anos	0,12
16 anos	0,16
17 anos	0,20
18 anos	0,26
19 anos	0,36
Igual ou superior a 20 anos	0,45

4. Cando, a instancia do suxeito pasivo, conforme ao procedemento establecido no apartado 5 do artigo 3 desta ordenanza, se constate que o importe do incremento de valor é inferior ao importe da base imponible determinada conforme o disposto nos apartados 2 e 3 deste artigo, tomarase como base imponible o importe de dito incremento de valor.

*Elimínase o antigo artigo 8.*

*O artigo 9 COTA pasa a artigo 8 COTA, quedando redactado como segue:*

#### **ARTIGO 8.- COTA**

1. A cota íntegra deste imposto será o resultado de aplicar á base imponible que resulte da aplicación do artigo 7, o tipo de gravame do 30%.
2. A cota líquida do imposto será o resultado de aplicar sobre a cota íntegra a bonificación prevista no artigo 5 da presente ordenanza

*O artigo 10 DEVINDICACIÓN pasa a artigo 9 DEVINDICACIÓN*

*O artigo 11 XESTIÓN pasa a 10 XESTIÓN, quedando redactado como segue:*

#### **ARTIGO 10.- XESTIÓN.**

1. Os suxeitos pasivos están obrigados a presentar no Concello as escrituras ou documentos nos que se poñen de manifesto as transmisións.  
Poderán presentar tamén a escritura ou documento de adquisición a efectos de determinar se houbo ou non incremento de valor por diferenza entre os valores dos terreos nas datas de transmisión e adquisición.  
No caso de transmisións mortis causa acompañarán declaracións do imposto de sucesións.
2. Os prazos para presentar declaración e no seu caso realizar o ingreso da autoliquidación serán os seguintes:
  - Cando se trate de actos inter-vivos, trinta días hábiles a partir da data de devindicación.
  - Cando se trate de actos por causa de morte, seis meses prorrogables ata un ano, previa solicitude do suxeito pasivo.
3. Os/As declarantes recibirán borrador da autoliquidación do imposto que será confirmada mediante o pagamento na data límite que figura naquel.
4. O ingreso poderá realizarse mediante pagamento on line ou ben a través de entidade colaboradora.
5. Excedida a data límite do pagamento que consta no borrador sen o pagamento do importe da autoliquidación, procederase ao cobro daquela polo procedemento de prema previsto nos artigos 160 e seguintes da Lei xeral tributaria.
6. Os suxeitos pasivos poderán instar a rectificación da autoliquidación conforme ao disposto no artigo 120.3 da Lei xeral tributaria.
7. Sen prexuízo das comprobacións derivadas do disposto no apartado 5 do artigo 3 e apartado 4 do artigo 7 desta ordenanza, a Administración Tributaria do Concello só poderá comprobar que nas autoliquidacións se aplicaron de forma correcta as normas reguladoras do imposto, sen que poidan atribuírse valores, bases ou cotas diferentes das resultantes de tales normas.





## Concello de Vigo

*O artigo 12 OBRIGAS DE PERSOAS DISTINTAS DO SUXEITO PASIVO pasa a artigo 11.*

*O artigo 13 INFRACCIÓNS E SANCIÓNS pasa a artigo 12.*

Engádesse un novo artigo 13 do seguinte tenor literal:

### **ARTIGO 13.- CONVENIO ATRIGA.**

A Administración Tributaria do Concello poderá subscribir coa ATRIGA convenio de colaboración e intercambio de información tributaria para a xestión eficiente deste imposto, en particular para a determinación da base imponible por diferenza entre valor de transmisión e valor de adquisición ou para a determinación da non suxeición ao imposto.

Suprímese a Disposición Transitoria e engádesse a Disposición Adicional seguinte:

### **DISPOSICIÓN ADICIONAL**

Resultarán de aplicación directa no presente imposto as seguintes disposicións con rango de lei: - apartado terceiro da Disposición Adicional vixésimo sexta da Lei 31/1991, de 30 de decembro, pola que se aproban os orzamentos xerais do Estado para 1992

- artigo 15 da Lei 49/2002, de 23 de decembro, de réxime fiscal das entidades sen fins lucrativos e dos incentivos fiscais ao mecenado

- artigo 104.4 do TRLRFL segundo Disposición Final Oitava da Lei 26/2013, de 27 de decembro, de caixas de aforros e fundacións bancarias.

- artigo 105.1.c) do TRLRFL segundo apartado 1 do artigo 123 da Lei 18/2014, de 15 de outubro, de aprobación de medidas urxentes para o crecemento, a competitividade e a eficiencia.

- Disposición Adicional Segunda da Lei 27/2014, de 27 de novembro, do imposto de sociedades

- artigo 23.7 do Real Decreto lexislativo 7/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o Texto refundido da Lei do solo e rehabilitación urbana

- artigo 17.9 do Real Decreto Lei 5/2021, de 12 de marzo, de medidas extraordinarias de apoio á solvencia empresarial en resposta á pandemia da covid-19.

Igualmente, serán de aplicación directa a este imposto calquera outra disposición con rango de lei que entre en vigor con posterioridade á aprobación da presente Ordenanza.

### **DISPOSICIÓN FINAL.**

A presente ordenanza fiscal entrará en vigor ao día seguinte da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresas.

**2º)** Someter a exposición pública por prazo de 30 días hábiles, con inserción de anuncio no Boletín oficial da provincia, taboleiro do Concello e prensa local para exame e reclamacións.

**3º)** Para o caso de non presentarse reclamacións entenderase adoptado o acordo de aprobación definitiva coas seguintes particularidades:

Publicarase o texto da modificación no BOP para a súa entrada en vigor.

Facúltase á Concellería de Orzamentos e Facenda para a aprobación do correspondente texto refundido.

### **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

#### **4(1147).- REAXUSTE DE ANUALIDADES DO CONTRATO DOS SERVIZOS DE FORMACIÓN DO PROGRAMA “VIGO POLA INSERCIÓN LABORAL”. EXPTE. 16574/77.**

Visto o informe de fiscalización de data 29/12/2021, dáse conta do informe-proposta do 28/12/2021, asinado pola técnica de Admón. Xeral (Resolución do 25/11/21) e o concelleiro-delegado de Emprego, que di o seguinte:

#### **ANTECEDENTES**

*I. O Servizo de Participación cidadá e Desenvolvemento local, dependente da Concellería de Cultura, Emprego e Participación Cidadá, ten encomendada a posta en marcha do proxecto “Vigo pola inserción laboral” co número 123 previsto no programa Operativo de Emprego, Formación e Educación (POEFE) de axudas destinadas a entidades locais para a inserción das persoas máis vulnerables financiado co Fondo social europeo (Expte 15311-77).*

*No proxecto establécese unha oferta formativa conducente á obtención de certificados de profesionalidade, que conteñen módulos de formación específica e prácticas profesionais. Con esta finalidade, o Concello de Vigo, iniciou, en xullo de 2019, a tramitación dun contrato de servizos, por procedemento aberto, tramitación ordinaria, suxeito a regulación harmonizada para a contratación da formación do proxecto “Vigo pola inserción laboral” (Expte. 16574-77).*

*O importe máximo deste contrato de formación é de 1.799.440,65€ financiado con cargo á aplicación orzamentaria 2410 2279900 repartido nun total de 8 lotes e 21 edicións formativas, distribuídos do seguinte xeito:*

*1.019.454,30€ correspondentes ao ano 2020.*

*779.986,35 € correspondentes ao ano 2021.*

*II. A Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo, na súa sesión de data 13 de febreiro de 2020, realizou entre outras actuacións, a proposta de adxudicación da contratación dos servizos de formación do programa “Vigo pola inserción laboral”, segundo a cal, de non presentar recurso especial en materia de contratación, a partir do día 10 de marzo de 2020, remitiríaselles o contrato aos adxudicatarios para a súa sinatura dixital.*

1. *“Adxudicar a CENTRO FORMACIÓN ICA, S.L. (B-36.995.934) o lote 1 “Actividades auxiliares de comercio (COMT0211)” do procedemento aberto para a contratación*



## Concello de Vigo

dos servizos de formación do programa "Vigo pola inserción laboral" (16.574-77) por un prezo total de 115.071,30 euros (exento de IVE), cun desconto do 26% a aplicar ao prezo unitario previsto no apartado 3G do Anexo I -FEC- do PCAP e cos compromisos de experiencia de persoal recollidos na súa oferta.

2. Adxudicar a GRUPO AVANTFOR, S.L. (B-94.146.263) o lote 2 "Operacións básicas de catering (HOTR0308)" do procedemento aberto para a contratación dos servizos de formación do programa "Vigo pola inserción laboral" (16.574-77) por un prezo total de 108.033,30 euros (exento de IVE), cun desconto do 24,98% a aplicar ao prezo unitario previsto no apartado 3G do Anexo I -FEC- do PCAP e cos compromisos de experiencia de persoal recollidos na súa oferta.
3. Adxudicar a CRUZ VERMELLA ESPAÑOLA (Q-2866001-G) o lote 3 "Atención sociosanitaria a persoas dependentes en institucións sociais (SSCS02208)" do procedemento aberto para a contratación dos servizos de formación do programa "Vigo pola inserción laboral" (16.574-77) por un prezo total de 89.206,65 euros (exento de IVE), cun desconto do 44,37% a aplicar ao prezo unitario previsto no apartado 3G do Anexo I -FEC- do PCAP e cos compromisos de experiencia de persoal recollidos na súa oferta.
4. Adxudicar a MÉTODO ESTUDIOS CONSULTORES, S.L.U (B-27.700.475) os lotes 4, 5 e 7 do procedemento aberto para a contratación dos servizos de formación do programa "Vigo pola inserción laboral" (16.574-77) coas seguintes condicións:
  - O prezo total do lote 4 "Actividades de venda (COMV0108)" é de 455.358,60 euros (exento de IVE), cun desconto do 49,50% a aplicar ao prezo unitario previsto no apartado 3G do Anexo I -FEC- do PCAP e cos compromisos de experiencia de persoal recollidos na súa oferta.
  - O prezo total do lote 5 "Organización e xestión de almacéns (COML0309)" é de 235.948,95 euros (exento de IVE), cun desconto do 48% a aplicar ao prezo unitario previsto no apartado 3G do Anexo I -FEC- do PCAP e cos compromisos de experiencia de persoal recollidos na súa oferta.
  - O prezo total do lote 7 "Actividades de xestión do pequeno comercio (COMT0112)" é de 206.565,30 euros (exento de IVE), cun desconto do 49% a aplicar ao prezo unitario previsto no apartado 3G do Anexo I -FEC- do PCAP e cos compromisos de experiencia de persoal recollidos na súa oferta.
5. Adxudicar a MOBA SKILL TRAINING, S.L. (B-32.327.934) o lote 6 "Operacións básicas de cociña (HOTR0108)" do procedemento aberto para a contratación dos servizos de formación do programa "Vigo pola inserción laboral" (16.574-77) por un prezo total de 358.058,25 euros (exento de IVE), cun desconto do 44,52% a aplicar ao prezo unitario previsto no apartado 3G do Anexo I -FEC- do PCAP e cos compromisos de experiencia de persoal recollidos na súa oferta.
6. Adxudicar a G12 GRUPO EMPRESARIAL DE SERVICIOS, SL. (B-36.993.509) o lote 8 "Soldadura oxigás e soldadura MIG/MAG (FMEC0210)" do procedemento aberto para a contratación dos servizos de formación do programa "Vigo pola inserción laboral" (16.574-77) por un prezo total de 231.198,30 euros (exento de IVE), cun desconto do 40,47% a aplicar ao prezo unitario previsto no apartado 3G do

Anexo I -FEC- do PCAP e cos compromisos de experiencia de persoal recollidos na súa oferta.

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”

**III.** Con data 11 de marzo do 2020 a Organización Mundial da Saúde (OMS) declarou o brote de SARS-CoV 2 como pandemia. A situación de emerxencia de saúde pública ocasionada polo COVID-19 constitúe unha crise sanitaria sen precedentes e de enorme magnitude tanto polo moi elevado número de cidadáns afectados como polo extraordinario risco para os seus dereitos. Dada a especial incidencia que o COVID-19 ten en España, o Goberno ditou o Real Decreto 463/2020, do 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, no que contempla unha serie de medidas dirixidas a protexer a saúde e seguridade dos cidadáns, conter a progresión da enfermidade e reforzar o sistema de saúde pública.

O estado de alarma non permitiu, con carácter xeral, iniciar e/ou continuar a execución da formación presencial, tal e como esta modalidade se atopaba regulada na actualidade, o que afectou a un importante número de accións formativas, entre elas, ao proxecto “Vigo pola inserción laboral”.

Tras o levantamento do estado de alarma, foise reactivando o proxecto progresivamente, desde o 05/10/2020, data na que se iniciaron as dúas primeiras accións formativas, ata o día de hoxe, no que se encontran iniciadas as 21 edicións que compoñen o proxecto “Vigo pola inserción laboral”.

**IV.** A Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo, na súa sesión extraordinaria e urxente do 30 de decembro de 2020, adoptou entre outros, o acordo de reaxustar as anualidades do contrato de servizos de formación do programa “Vigo pola inserción laboral” (Expediente. 16574/77), segundo a seguinte distribución:

<b>Lote</b>	<b>Itinerarios Formativos</b>	<b>2020</b>	<b>2021</b>
I	Actividades auxiliares de comercio (COMT0211)	57.535,65 €	57.535,65 €
II	Operacións básicas de catering (HOTR0308)	54.016,65 €	54.016,65 €
III	Atención sociosanitaria a persoas dependentes en institucións sociais (SSCS02208)	89.206,65 €	0,00 €
IV	Actividades de venda (COMV0108)	113.839,65 €	341.518,95 €
V	Organización e xestión de almacéns (COML0309)	78.649,65 €	157.299,30 €
VI	Operacións básicas de cociña (HOTR0108)	71.611,65 €	286.446,60 €
VII	Actividades de xestión do pequeno comercio (COMT0112)	0,00 €	206.565,30 €
VIII	Soldadura oxigás e soldadura MIG/MAG (FMEC0210)	115.599,15 €	115.599,15 €
<b>Total anualidades reaxustadas</b>		<b>580.459,05 €</b>	<b>1.218.981,60 €</b>



## Concello de Vigo

*V.- En data 5 de Agosto de 2020, a Dirección Xeral de Cooperación Autonómica e Local, ditou resolución pola que se adoptan medidas para facer fronte ó impacto da crise sanitaria provocada pola COVID-19 na execución dos proxectos financiados pola convocatoria 2018 de axudas do Fondo Social Europeo, previstas no Programa Operativo de Emprego, Formación e Educación (POEFE), destinadas a entidades locais para a inserción das persoas máis vulnerables, establecendo no seu apartado Sétimo o seguinte teor literal:*

*“Las entidades beneficiarias tendrán de plazo para realizar las actuaciones de los proyectos subvencionados hasta el 31 de diciembre de 2022. Las ampliaciones de plazo que en su caso se pudieran conceder, en ningún caso podrán exceder del 31 de marzo de 2023.*

*En el resto de extremos, se estará a lo dispuesto en el apartado decimocuarto de la Resolución de 23 de marzo de 2018.”*

*De acordo co anterior, a data límite fixada nesta convocatoria, 31 de decembro de 2021, perde toda virtualidade e amplíase o prazo de execución do proxecto “Vigo pola inserción laboral” ata o 31 de de decembro de 2022.*

*A consecuencia desta resolución de 05 de agosto de 2020 da Dirección Xeral de Cooperación Autonómica e Local, A Xunta de Goberno Local, na súa sesión ordinaria do 17 de xuño de 2021, en relación a MODIFICACIÓN DO CONTRATO DOS SERVICIOS DE FORMACIÓN DO PROGRAMA “VIGO POLA INSERCIÓN LABORAL” (EXPTE. 6618/241), adoptou o seguinte acordo:*

*“1o.- Modificar o contrato dos servizos de formación do programa “Vigo pola inserción laboral” deixando sen efecto a limitación temporal establecida no apartado 4.A da FEC (30 de setembro de 2021) por mor da Resolución de 5 de agosto de 2020, da Dirección Xeral de Cooperación Autonómica e Local, pola que se adoptan medidas para facer fronte ao impacto da crise sanitaria provocada pola COVID-19 na execución dos proxectos financiados pola convocatoria 2018 de axudas do Fondo Social Europeo, previstas no Programa Operativo de Emprego, Formación e Educación (POEFE), destinadas a entidades locais para a inserción das persoas máis vulnerables.*

*2o.- A modificación non implica custe económico, polo que non procede o reaxuste das garantías definitivas depositadas polos contratistas.”*

*Polo tanto, segundo a cláusula 7 do PCAP e o apartado 4.A das FEC, o prazo de duración total do contrato será de 1 ano e 9 meses, sen a limitación temporal do 30/09/2021.*

*VI. Á data de sinatura do presente informe, finalizaron satisfactoriamente dezaioito das vinte e un edicións formativas, correspondentes aos seguintes lotes e itinerarios formativos, segundo o seguinte detalle:*

**CENTRO FORMACIÓN ICA, S.L.** (B-36.995.934) entidade de formación adxudicataria do **lote I**, Actividades auxiliares de comercio (COMT0211) formalizou o seu contrato en data 27 de novembro de 2020, desenvolvendo satisfactoriamente as dúas edicións formativas, a primeira, desde o 30/11/2020 ata o 05/03/2021 e a segunda, desde o 06/04/2021 ata o 08/07/2021.

Para o exercicio 2020 contabilizouse documento D 202000080108 por importe de 57.535,65 euros; e para o exercicio 2021, o documento AD 202100008140 por importe de 57.535,65 euros, suficiente para cubrir o prezo total do lote I (115.071,30 euros -exento de IVE-). Constan tramitadas as facturas correspondentes ó desenvolvemento das dúas edicións formativas:

- Fra. 2 (Expte.18213/77) por un importe de 42.011,20 euros, correspondente á 1ª edición.
- Fra. 3 (Expte.18348/77) por un importe de 40.887,75 euros, correspondente á 2ª edición

**GRUPO AVANTFOR, S.L.** (B-94146263) entidade de formación adxudicataria do **lote II**, Operacións básicas de catering (HOTR0308) formalizou o seu contrato en data 27 de novembro de 2020, desenvolvendo satisfactoriamente as dúas edicións formativas, a primeira, desde o 09/12/2020 ata o 10/03/2021 e a segunda, desde o 29/03/2021 ata o 23/06/2021.

Para o exercicio 2020 contabilizouse documento D 202000080109 por importe de 54.016,65 euros; e para o exercicio 2021, o documento AD 202100008141 por importe de 54.016,65 euros, suficiente para cubrir o prezo total do lote II (108.033,30 euros -exento de IVE-). Constan tramitadas as facturas correspondentes ó desenvolvemento das dúas edicións formativas:

- Fra. 4 (Expte.18213/77) por un importe de 32.177,20 euros, correspondente á 1ª edición.
- Fra. 7 (Expte.18348/77) por un importe de 39.080,80 euros, correspondente á 2ª edición.

**CRUZ VERMELLA ESPAÑOLA** (Q-2866001-G) entidade de formación adxudicataria do **lote III**, Atención Sociosanitaria a persoas dependentes en institucións sociais (SSCS0208) formalizou o seu contrato en data 02 de novembro de 2020, desenvolvendo satisfactoriamente a única edición formativa, desde o 09/11/2020 ata o 14/06/2021.

Para o exercicio 2020 contabilizouse documento D 202000080110 por importe de 89.206,65 euros suficiente para cubrir o prezo total do lote III (89.206,65 -exento de IVE-). Consta tramitada a factura correspondente ó desenvolvemento desta única edición formativa:

- Fra. 36057-2021-08-11-N (Expte. 18627-77) por un importe de 48.076,08 euros.

**MÉTODO ESTUDIOS CONSULTORES, S.L.U.** (B-27700475) entidade de formación adxudicataria do **lote IV**, Actividades de Venta (COMV0108) formalizou o seu contrato en data 11 de setembro de 2020, desenvolvendo dúas das catro edicións formativas, a primeira desde o 05/10/2020 ata o 26/04/2021 e a segunda, desde o 22/02/2021 ata o 27/08/2021.

A terceira edición iniciouse o 04/10/2021 cunha data prevista de finalización do 21/04/2022 e a cuarta edición o 08/11/2021 finalizando previsiblemente o 06/06/2022.

Para o exercicio 2020 contabilizouse documento D 202000084700 por importe de 113.839,65 euros e para o exercicio 2021, o documento AD 202100008142 por importe de



## Concello de Vigo

341.518,95 euros, suficiente para cubrir o prezo total do lote IV (455.358,60 euros -exento de IVE-).

Constan tramitadas as facturas correspondentes ó desenvolvemento das dúas edicións formativas finalizadas:

- Fra. 3000028 (Expte.18856/77) por un importe de 27.746,38 euros, correspondente á 1ª edición.
- Fra. 3000038 (Expte.18861/77) por un importe de 43.211,66 euros, correspondente á 2ª edición.

**MÉTODO ESTUDIOS CONSULTORES, S.L.U.** (B-27700475) entidade de formación adxudicataria do lote V, "Organización e xestión de almacéns (COML0309)" formalizou o seu contrato en data 11 de setembro de 2020, desenvolvendo satisfactoriamente as tres edicións formativas, a primeira, desde o 05/10/2020 ata o 24/02/2021; a segunda, desde o 25/01/2021 ata o 07/06/2021 e a terceira, desde 19/05/2021 ata o 20/09/2021.

Para o exercicio 2020 contabilizouse documento D 202000084703 por importe de 78.649,65 euros e para o exercicio 2021, o documento AD 202100008143 por importe de 157.299,30 euros, suficiente para cubrir o prezo total do lote V (235.948,95 euros -exento de IVE-).

Constan tramitadas as facturas correspondentes ó desenvolvemento das tres edicións formativas finalizadas:

- Fra. 3000026 (Expte.18845/77) por un importe de 29.034,10 euros, correspondente á 1ª edición.
- Fra. 3000027 (Expte.18844/77) por un importe de 36.971,00 euros, correspondente á 2ª edición.
- Fra. 3000029 (Expte.18848/77) por un importe de 32.279,57 euros, correspondente á 3ª edición.

**MOBA SKILL TRAINING, S.L.** (B-32327934) entidade de formación adxudicataria do lote VI, "Operacións básicas de cociña (HOTR0108)" formalizou o seu contrato en data 29 de setembro de 2020, desenvolvendo satisfactoriamente catro edicións formativas das cinco previstas. A primeira desde o 13/10/2020 ata o 31/03/2021; a segunda edición desde 08/02/2021 ata o 14/06/2021; a terceira desde o 04/05/2021 ata o 06/09/2021 e, a cuarta edición desde o 18/05/2021 ata o 21/09/2021.

A quinta e última edición, iniciouse o 18/10/2021 cunha data prevista de finalización do 04/03/2022.

Para o exercicio 2020 contabilizouse documento D 202000084704 por importe de 143.223,30 euros e para o exercicio 2021, o documento AD 202100008145 por importe de 286.446,60 euros, suficiente para cubrir o prezo total do lote VI (358.058,25 euros -exento de IVE-).

Constan tramitadas as facturas correspondentes ó desenvolvemento das catro edicións formativas finalizadas:

- Fra. 1364 (Expte.18748/77) por un importe de 34.081,37 euros, correspondente á 1ª edición.

- Fra. 1438 (Expte.18844/77) por un importe de 36.769,09 euros, correspondente á 2ª edición.
- Fra. 1455 (Expte.18848/77) por un importe de 32.649,65 euros, correspondente á 3ª edición.
- Fra. 1456 (Expte.18848/77) por un importe de 28.048,64 euros, correspondente á 3ª edición.

**MÉTODO ESTUDIOS CONSULTORES, S.L.U.** (B-27700475) entidade de formación adxudicataria do lote VII, "Actividades de xestión do pequeno comercio (COMT0112)" formalizou o seu contrato en data 11 de xaneiro de 2021, desenvolvendo as dúas edicións formativas previstas no contrato, a primeira, desde o 11/01/2021 ata o 02/07/2021 e, a segunda edición, desde o 27/04/2021 ata o 29/09/2021.

Para o exercicio 2021 contabilizouse documento AD 202100008144 por importe de 206.565,30 euros, suficiente para cubrir o prezo total do lote VII (206.565,30 euros -exento de IVE-).

Constan tramitadas as facturas correspondentes ó desenvolvemento das dúas edicións formativas finalizadas:

- Fra. 3000039 (Expte.18860/77) por un importe de 32.738,14 euros, correspondente á 1ª edición.
- Fra. 3000040 (Expte.18862/77) por un importe de 42.124,37 euros, correspondente á 2ª edición.

**G12 GRUPO EMPRESARIAL DE SERVICIOS, S.L.** (B-36.993.509) entidade de formación adxudicataria do lote VIII, "Soldadura oxigás e soldadura MIG/MAG (FMEC0210)" formalizou o seu contrato en data 26 de novembro de 2020, desenvolvendo satisfactoriamente as dúas edicións formativas, a primeira, desde o 14/12/2020 ata o 27/07/2021 e, a segunda edición desde o 08/03/2021 ata o 28/09/2021.

Para o exercicio 2020 contabilizouse documento D 202000080114 por importe de 115.599,15 euros e para o exercicio 2021, o documento AD 202100008146 por importe de 115.599,15 euros, suficiente para cubrir o prezo total do lote VI (231.198,3 euros -exento de IVE-).

Constan tramitadas as facturas correspondentes ó desenvolvemento das dúas edicións formativas finalizadas:

- Fra. 1465 (Expte.18857/77) por un importe de 55.066,90 euros, correspondente á 1ª edición.
- Fra. 1466 (Expte.18858/77) por un importe de 48.000,24 euros, correspondente á 2ª edición.

**VII.-** A Xunta de Goberno Local, na súa sesión ordinaria de data 12 de marzo de 2021, adoptou entre outros o acordo de anulación parcial de crédito contabilizado no procedemento para a contratación da formación na modalidade mixta, presencial e aula virtual no marco do proxecto "Vigo pola inserción laboral" para o exercicio 2021 (Expte. 16574/77) por importe de 203.046,30 euros, con motivo do desconto proposto polos adxudicatarios sobre o prezo unitario.





## Concello de Vigo

### **FUNDAMENTOS DE DEREITO**

1- O expediente de contratación iníciase e tramítase de acordo co disposto na Lei Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (LCSP).

2.- En virtude do artigo 96 do Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas, procede axustar as anualidades establecidas no exp. 16574/77 ás necesidades reais.

A vista das anteriores circunstancias e previo o informe da Intervención Xeral, propónse á Xunta de Goberno Local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

### **PROPOSTA:**

#### Primeiro:

Aprobar o axuste de anualidades do crédito quedando o contrato de acordo coa seguinte distribución de anualidades:

<b>Lote</b>	<b>Itinerarios Formativos</b>	<b>2021</b>	<b>2022</b>
I	Actividades auxiliares de comercio (COMT0211)	40.887,75 €	0,00 €
II	Operacións básicas de catering (HOTR0308)	39.080,80 €	0,00 €
III	Atención sociosanitaria a persoas dependentes en institucións sociais (SSCS02208)	0,00 €	0,00 €
IV	Actividades de venda (COMV0108)	43.211,66 €	227.679,30 €
V	Organización e xestión de almacéns (COML0309)	69.250,57 €	
VI	Operacións básicas de cociña (HOTR0108)	97.467,38 €	71.611,65 €
VII	Actividades de xestión do pequeno comercio (COMT0112)	74.862,51 €	0,00 €
VIII	Soldadura oxigás e soldadura MIG/MAG (FMEC0210)	48.000,24 €	0,00 €
<b>Total anualidades reaxustadas</b>		<b>412.760,91 €</b>	<b>299.290,95 €</b>

#### Segundo :

- Minorar en 603.174,39€ o crédito disposto do gasto da anualidade correspondente para o ano 2021 por importe de 1.015.935,30€ ata un importe de 412.760,91€.
- Incrementar en 299.290,95€ o crédito disposto do gasto da anualidade correspondente para o ano 2022.

### **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**5(1148).- RESOLUCIÓN DA CONVOCATORIA DE CONVENIOS DE COLABORACIÓN EMPRESARIAL CON ENTIDADES PRIVADAS PARA ACTIVIDADES SOCIOCULTURAIS E DE INTERESE XERAL ORGANIZADOS POLO CONCELLO DE VIGO PARA OS PROGRAMAS “NADAL 2021”, “CABALGATA DE REIS 2022” E “ENTROIDO 2022”. EXPTE. 8936/335.**

Visto o informe xurídico do 22/12/2021 e o informe de de fiscalización do 29/12/2021, dáse conta do informe-proposta do 21/12/2021, asinado pola xefa do Servizo de Festas e polo concelleiro-delegado de Área, que di o seguinte:

A Lei 7/85, do 2 de abril, das bases de réxime local na redacción conferida pola Lei 27/2013 de 27 de decembro de Racionalización e Sostenibilidade da Administración Local establece que o Municipio exercerá, en todo caso, as competencias nos termos da lexislación de Estado e das Comunidades Autónomas e, entre outras materias a promoción da cultura e ocupación do tempo libre.

No ámbito destas competencias o Concello de Vigo a través do Servizo de Festas ten prevista a organización da Cabalgata de Reis 2022, no que participan de forma habitual empresas e entidades de Vigo.

Con data 14 de outubro de 2021 a Xunta de Goberno Local aprobou a convocatoria de Convenios de colaboración empresarial con entidades privadas para actividades socioculturais e de interese xeral organizados polo Concello de Vigo para os programas “Nadal 2021”, “Cabalgata de Reis 2022” e “Entroido 2022”. (expte.- 8936-335)

Con data 22 de outubro de 2022 foi publicada no BOPPO (Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra) a convocatoria de convenios de colaboración empresarial con entidades privadas para actividades socioculturais e de interese xeral organizadas polo Concello de Vigo xunto co anexo III.

Á vista do elevado número de empresas que manifestaron o seu interese na participación da Cabalgata de Reis fora do prazo establecido na convocatoria e co obxecto de facer máis atractivo o resultado final do desfile considerase que sería axeitado abrir un novo prazo de dez días naturais para que as entidades que así o desexen, poidan solicitar a súa participación.

Na Xunta de Goberno Local de data 25 de novembro, en sesión ordinaria, aprobouse a segunda convocatoria pública para a presentación de solicitudes de participación das entidades privadas empresariais na Cabalgata de Reis 2022 a través de convenios de colaboración co Concello de Vigo, que publíquese no BOPPO de data 3 de decembro de 2021.



## Concello de Vigo

No primeiro prazo establecido na base quinta da convocatoria, presentáronse as seguintes entidades co tipo de colaboración e valoración económica da aportación en especie:

ENTIDADE	CIF	TIPO COLABORACIÓN	VALORACIÓN ECONÓMICA
GADISA RETAIL, SL	B15735590	ESPECIE - CARROZA	11.420,00 €
ABANCA, SA	A70302039	ESPECIE - CARROZA	12.000,00 €
ESPACIO 7, S.L.	B-27809805	ESPECIE- CARROZA	11.000,00 €
C.C. GRAN VIA DE VIGO	V-27837426	ESPECIE- CARROZA	8.712,00 €

No segundo prazo establecido na base quinta da convocatoria, presentáronse as seguintes entidades co tipo de colaboración e valoración económica da aportación en especie:

ENTIDADE	CIF	TIPO COLABORACIÓN	VALORACIÓN ECONÓMICA
ALCAMPO, SA	A28581882	ESPECIE - CARROZA	12.000,00 €
RAUL LAMARCA (Sara Alonso)	53196265W	FURGONETA	1.500,00 €
PESCANOVA ESPAÑA, SLU	B94123916	AUTOBÚS	1.500,00 €
RADIO VIGO, SAU	A36612414	AUTOBÚS	2.200,00 €

Con data 16 de decembro ás 10,30 horas tivo lugar no Servizo de Festas do Concello de Vigo a Comisión de Avaliación para a resolución da convocatoria de convenios de colaboración empresarial con entidades privadas para actividades socioculturais e de interese xeral organizadas polo Concello de Vigo" composta por: O Concelleiro de Participación Cidadá e Festas, D. Pablo L. Estévez Rodríguez en calidade de Presidente, a xefa do servizo de festas, Dna, M<sup>a</sup>. Cristina Chao Polo, como secretaria. (Achégase o acta ao expediente).

Polo exposto, e previo o informe xurídico, faise á Xunta de Goberno Local a seguinte

### PROPOSTA:

**Primeiro.-** Admitir as solicitudes de participación na comitiva da Cabalgata de Reis 2022 de acordo ao establecido na Acta de Avaliación asinada o de data 21 de decembro de 2021, relativa a resolución da convocatoria de convenios de colaboración empresarial con entidades privadas para actividades socioculturais e de interese xeral organizadas polo Concello de Vigo", seguintes:

ENTIDADE	CIF	TIPO COLABORACIÓN	VALORACIÓN ECONÓMICA
GADISA RETAIL, SL	B15735590	ESPECIE - CARROZA	11.420,00 €
ABANCA, SA	A70302039	ESPECIE - CARROZA	12.000,00 €
ESPACIO 7, S.L.	B-27809805	ESPECIE- CARROZA	11.000,00 €
C.C. GRAN VIA DE VIGO	V-27837426	ESPECIE- CARROZA	8.712,00 €
ALCAMPO, SA	A28581882	ESPECIE - CARROZA	12.000,00 €
RAUL LAMARCA (Sara Alonso)	53196265W	FURGONETA	1.500,00 €
PESCANOVA ESPAÑA, SLU	B94123916	AUTOBÚS	1.500,00 €
RADIO VIGO, SAU	A36612414	AUTOBÚS	2.200,00 €

**Segundo.-** Retirar da participación na Cabalgata de Reis 2022 a proposta presentada por **RADIO VIGO, SAU**, por solicitude da propia empresa remitida ao Servizo de Festas mediante correo electrónico de data 20 de decembro, incluído no expediente.

**Terceiro.-** Comunicar a todas as empresas admitidas e recollidas no punto primeiro a aceptación da súa participación na Cabalgata de Reis 2022 que terá lugar de forma extática na rúa Venezuela e posteriores desfile ata a Avda. Castelao o día 5 de xaneiro coa temática “O MUNDO DE VERNE E AS VIAXES MÁXICAS”, así como ás condicións de participación e seguridade de obrigado cumprimento.

**Cuarto.-** Requirir as empresas colaboradoras seleccionadas á formalización do convenio de colaboración recollido na convocatoria para os programas: “nadal 2021”, “Cabalgata de Reis 2022” e “Entroido 2022” das bases reguladoras e convocatoria de convenios de colaboración empresarial con entidades privadas para actividades socio-culturais e de interese xeral organizadas polo Concello de Vigo. Expediente: 8936/335

**Quinto.-** Todas as empresas serán informadas sobre os temas relacionados coa organización e seguridade con antelación suficiente, estando obrigadas ao cumprimento das seguintes condicións mínimas:

a) As carrozas non poderán superar a altura máxima de 4 metros e unha lonxitude de 10 metros (sen contar a cabeza ou vehículo tractor) e 2,50 metros de ancho.

b) É de obrigado cumprimento a adaptación da temática proposta:  
“OS MUNDOS DE VERNE E AS VIAXES MÁXICAS”



## Concello de Vigo

- c) O soporte da carroza poderá ser gabarra ou plataforma. É obrigatorio por mor da seguridade terán instalado un faldón ou sistema de protección no contorno da carroza, que impida que o público poda introducirse debaixo da mesma.
- d) O vehículo ou cabeza tratora da carroza deberá ter potencia suficiente para remolcar a plataforma ou gabarra ata a zona da ubicación definitiva da Cabalgata estática (avenida de Castelao).
- e) A utilización de imaxes de personaxes de debuxos animados ou películas na construción e deseño das carrozas terán que incluír a xestión do pagamento dos dereitos de imaxe das mesmas, ou a autorización expresa para súa utilización.
- f) Seguindo coa liña estética de anos anteriores, as carrozas municipais serán realizadas con luces LED, polo que solicitámoslle que, na medida do posible, os elementos que conforman as carrozas, estean fabricado con este tipo de iluminación.

**Sexto.-** As empresas terán que cumprir co protocolo COVID incluído no Plan de Autoprotección para a Cabalgata de Reis 2022.

**Sétimo.-** Notificar ao interesado sinalando que contra a resolución que se adopte , e de conformidade co previsto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo, poderase interpoñer recurso de reposición perante o mesmo órgano que a ditou no prazo de 1 mes a contar dende o día seguinte ao da publicación, ou ben, directamente recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de 2 meses, nos supostos, termos e condicións do disposto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

Se se interpón o primeiro, non poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo ata que se resolva expresamente ou se produza a desestimación presunta do recurso de reposición interposto.

### **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **6(1149).- DECISIÓN DE NON ADXUDICAR O LOTE 5 DO PROCEDEMENTO ABERTO PARA A CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE ANIMACIÓNS, ACTIVIDADES E ESPECTÁCULOS DE PEQUENO FORMATO PARA AS FESTAS DE NA-DAL 2021-2022. EXPTE. 9105/335.**

Dáse conta do informe-proposta de data 30/12/2021, asinado pola xefa do Servizo de Contratación e pola concelleira-delegada de Área, que di o seguinte:

## **NORMATIVA DE APLICACIÓN**

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (en adiante LCSP)
- Real decreto 817/2009, do 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, do 30 de outubro, de Contratos do Sector Público (RLCSP)
- Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeneral da Lei de contratos das administracións públicas (RLCAP)
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL)
- Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL)
- Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe a contratación por procedemento aberto do servizo de animacións, actividades e espectáculos de pequeno formato para as Festas de Nadal 2021-2022 (PCAP)

## **ANTECEDENTES**

**Primeiro.-** En data 3 de decembro de 2021 a Xunta de Goberno Local (en adiante XGL) acordou aprobar o expediente para a contratación por procedemento aberto e tramitación urxente do contrato do servizo de animacións, actividades e espectáculos de pequeno formato para as festas de Nadal 2021-2022, autorizar o gasto e abrir a licitación.

O contrato ten por obxecto a realización de animacións, actividades e espectáculos de pequeno formato para as festas de Nadal 2021-2022:

- LOTE 1 ANIMACIÓNS NA CABALGATA DE REIS de baile e música coa temática da obra “20.000 leguas de viaxe submarina”
- LOTE 2 ANIMACIÓNS NA CABALGATA DE REIS con música e elementos móbiles suspendidos no aire coa temática da obra “20.000 leguas de viaxe submarina”
- LOTE 3 ANIMACIÓNS NA CABALGATA DE REIS con música e elementos móbiles coa temática da obra “20.000 leguas de viaxe submarina”
- LOTE 4 ANIMACIÓNS NA CABALGATA DE REIS con música de percusión coa temática “Expedición submariña do Capitán Nemo”
- LOTE 5 ANIMACIÓNS NA CABALGATA DE REIS con zancudos e elementos móbiles coa temática “Visións futuristas de Verne”
- LOTE 6 ANIMACIÓNS NA CABALGATA DE REIS con elementos móbiles e coa temática “Os vehículos de Phileas Fogg”
- LOTE 7 ANIMACIÓNS NA CABALGATA DE REIS de acompañamento e coa temática da obra “A volta ao mundo en 80 días”
- LOTE 8 ANIMACIÓNS NA CABALGATA DE REIS de acompañamento e coa temática da obra “A illa misteriosa”



## Concello de Vigo

- LOTE 9 PASARRÚAS con música e baile

**Segundo.-** En data 3 de decembro de 2021 publicouse o anuncio de licitación no perfil de contratante aloxado na Plataforma de Contratación do Sector Público, e abriuse o prazo de presentación de ofertas.

**Terceiro.-** En data 22 de decembro de 2021, a Mesa de Contratación procedeu a apertura administrativa e cualificación da documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos previos, e acórdase, por unanimidade:

- a) Non admitir a GALEGA DE RECURSOS EDUCATIVOS AVANZADOS, S.L. (lote 4 “ANIMACIÓNS NA CABALGATA DE REIS con música de percusión coa temática “Expedición submariña do Capitán Nemo”) por presentar a súa proposición fóra do prazo de presentación de ofertas.
- b) Admitir neste procedemento aos licitadores que deseguido se relacionan, por ter presentado correctamente a documentación esixida no prego de cláusulas administrativas para declarar o cumprimento dos requisitos previos:
  1. BARAFUNDA, S.L. (lote 6)
  2. BIGLAB, S.L.U (lote 8)
  3. ESPECIALISTAS HÍPICA CELTA, S.L.L. (lote 2)
  4. FUNDACIÓN IGUAL ARTE (lote 1)
  5. IMAXINERÍA, S.L. (lote 1)
  6. KOREMI XESTION DEPORTIVA, S.L.U. (lote 3)
  7. VIGOMULTIMEDIA, S.L.U. (lote 7)
- c) Outorgar un prazo de tres días a BIGLAB, S.L.U (lote 5) para que poida emendar a documentación presentada segundo o esixido no prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP) que rexe esta contratación. Concretamente deberá emendar o DEUC se posúe solvencia técnica solvencia técnica suficiente, posto que a declarada é inferior ao importe esixido na cláusula 8.4.3º do PCAP (70% da anualidade media do prezo do lote).
- d) Formular ao órgano de contratación a proposta:

“Declarar desertos o lote 4 “ANIMACIÓNS NA CABALGATA DE REIS con música de percusión coa temática “Expedición submariña do Capitán Nemo” e o lote 9 “PASARRÚAS con música e baile” do procedemento aberto para a contratación do servizo de animacións, actividades e espectáculos de pequeno formato para as festas de Nadal 2021-2022 (9.105-335) por non terse presentado proposición ningunha dentro do prazo indicado no anuncio de licitación”.

**Cuarto.-** En data 30 de decembro de 2021, a xefa do servizo de Festas coa conformidade do concelleiro delegado de Festas, solicita ao Servizo de contratación a tramitación da proposta de non adxudicación do citado contrato nos seguintes termos:

*"Con data 3 de decembro de 2021 a Xunta de Goberno Local acordou:*

*“Primeiro: Declarar a urxencia na tramitación do presente expediente.*

*Segundo: Aprobar o expediente de contratación polo procedemento aberto e tramitación urxente do contrato do servizo de animacións, actividades e espectáculos de pequeno formato para as festas de Nadal 2021-2022.*

*Terceiro: Aprobar o Prego de Prescricións Técnicas de 29 de Novembro de 2021 e o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares, do 30 de Novembro de 2021 redactado pola Xefa do Servizo de Contratación.*

*Cuarto: Autorizar o gasto polo importe base de licitación 120.939,50 euros, sendo o valor estimado do contrato de 99.950,00 € con cargo a aplicación orzamentaria 3380.226.0906 (Festas de Vigo).”*

*Quinto: Abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente.”*

*Durante o prazo sinalado para a presentación de proposicións, segundo o anuncio publicado na Plataforma de Contratación do Sector Público para a contratación por procedemento aberto do SERVIZO DE SERVIZO DE ANIMACIÓNS, ACTIVIDADES E ESPECTÁCULOS DE PEQUENO FORMATO PARA AS FESTAS DE NADAL 2021-2022, que rematou o día 20 de decembro do presente ano, presentáronse a seguintes empresas: Fundación Igualarte para o LOTE 1, Imaxinería, S.L. para o LOTE 1, Especialistas Hípica Celta, S.L.L. para o LOTE 2, Koremi Xestión Deportiva, S.L.U. para o LOTE 3, Biglab, S.L.U. para os lotes 5 e 8, Barafunda, S.L. para o LOTE 6 e Vigo Multimedia, S.L.U. para o LOTE 8.*

*Comprobada a documentación administrativa presentada polas empresas, en sesión da Mesa de Contratación do 22 de decembro ás 13,00 horas, esta acordou:*

- Admitir aos seguintes licitadores: Fundación Igualarte, Imaxinería, S.L., Especialistas Hípica Celta, S.L.L., Koremi Xestión Deportiva, S.L.U., Biglab, S.L.U. para o lote 8, Barafunda, S.L. e Vigomultimedia, S.L.U..*
- Non admitir a Galega de Recursos Educativos Avanzados, S.L. por achegar a oferta fóra de prazo.*
- Requirir a subsanación da documentación incluída no sobre A a: Biglab, S.L.U. para no lote 5.*

*O requirimento foi notificado o mesmo día da citada sesión da mesa. Biglab presenta documentación o día 23 de decembro.*

*En sesión da Mesa de Contratación do 28 de decembro de 2021 ás 10:00h se acorda admitir a Biglab, S.L.U. no lote 5 e solicitar informe do Servizo de Festas en relación co sobre B “proposta técnica”.*

*O contrato do servizo de animacións, actividades e espectáculos de pequeno formato para as festas de Nadal 2021-2022 sigue un procedemento aberto e urxente motivado na incertidume provocada pola crise sanitaria. O evento vaise celebrar o 5 de xaneiro restando para este día dous días hábiles que imposibilitan cumprir os prazos que establece a LCSP para a adxudicación do LOTE 5 antes da data de execución do contrato.*

*En base ao exposto, e por razóns de interese público como é a imposibilidade de adxudicar o contrato antes da data de celebración do evento propónse ao*





**Concello de Vigo**

*órgano de contratación se adopte a decisión de non adxudicar o LOTE 5 do contrato.”.*

## **FUNDAMENTOS DE DEREITO**

**-I-**

### **DA DESISTENCIA E DA DECISIÓN DE NON ADXUDICAR OU NON CELEBRAR O CONTRATO**

A nosa lexislación contractual permite ao órgano de contratación desistir do procedemento de adxudicación ou adoptar a decisión de non adxudicar ou non celebrar un contrato en determinados supostos.

Para poder adoptar un destes acordos é preciso que se cumpran os seguintes requisitos (artigo 152 LCSP):

1. Que se acorde polo órgano de contratación antes da formalización do contrato.
2. Que estea fundado:
  - Nunha infracción non emendable das normas de preparación do contrato ou das reguladoras do procedemento de adxudicación, no caso da desistencia.
  - En razóns de interese público, no caso da decisión de non adxudicar ou non celebrar un contrato.
3. Que se xustifique no expediente a concorrencia da causa.

Como se ten dito, este artigo recolle dúas institucións distintas: a renuncia e a desistencia. A principal diferenza entre ambas é que a renuncia supón un cambio da vontade da Administración fundado en razóns de interese público, mentres que a desistencia é un acto regrado fundado en causas de legalidade, que esixe a concorrencia dunha infracción non subsanable das normas de preparación do contrato ou das reguladoras do procedemento de adxudicación.

Afirma ó respecto a doutrina, citaremos por todas a Resolución nº 1125/2018 do Tribunal Administrativo Central de Recursos Contractuales que:

“La renuncia, a diferencia del desistimiento, supone un cambio en la voluntad de la Administración de contratar la prestación, por razones de interés público y, por ello, es un acto de contenido discrecional. Ha de ser acordado –al igual que el desistimiento– antes de la adjudicación del contrato, para evitar lesionar derechos y no meras expectativas, y precisamente por su carácter discrecional el artículo 152.3 de la LCSP introduce como cautela, para evitar fraudes en el procedimiento de adjudicación, la prohibición al órgano de contratación de promover una nueva licitación del objeto del contrato en tanto subsistan las razones alegadas para fundamentar la renuncia.

Por el contrario, el desistimiento tiene un contenido por completo diferente, a diferencia de la renuncia no es un acto discrecional determinado por el cambio de voluntad de la Administración contratante, sino un acto reglado fundado en causas de legalidad y no de oportunidad. Por ello exige, como señala el apartado 4 del artículo 152 de la LCSP, la concurrencia de una infracción no subsanable de las normas de preparación del contrato o de las reguladoras del procedimiento de adjudicación, que haga imposible continuar con la licitación hasta su adjudicación; y por ello el desistimiento, a diferencia de la renuncia, no impide la iniciación inmediata de un nuevo procedimiento de licitación con el mismo objeto. En relación con el desistimiento este Tribunal ha señalado (Resolución 323/2016, de 29 de abril) que “se configura como un mecanismo que la Ley ofrece a la Administración para evitar la celebración de aquellos contratos en cuya preparación o procedimiento para la adjudicación se haya incurrido en defecto no subsanable, evitándose así que llegue a generar derechos y obligaciones para las partes. Este procedimiento, lógicamente, podrá ser utilizado por la Administración en todos aquellos casos en que concurren los requisitos que se exigen legalmente. Para que pueda acordarse válidamente, es necesario que esté basado, como se desprende del precepto transcrito, en defecto no subsanable, que se justifique la concurrencia de la causa en que se basa y que se produzca antes de la adjudicación del contrato”. En idénticos términos se pronuncia la Resolución de este Tribunal 697/2018 dictada en el recurso 622/2018”.

-II-

## **DA CONCORRENCIA DOS REQUISITOS LEGAIS PARA ACORDAR A DECISIÓN DE NON CELEBRAR O CONTRATO**

Analizaremos a continuación a concorrencia dos requisitos esixidos na lei para adoptar a decisión de non celebración do contrato no suposto que nos ocupa:

### **a) Non formalización do contrato:**

Queda acreditado no expediente que o contrato aínda non se formalizou. De feito, o problema é a imposibilidade de adxudicalo dentro do prazo previsto, como veremos deseguido.

### **b) Causa:**

A causa alegada para a decisión de non adxudicar o contrato está fundada en razóns de interese público. Trátase dun contrato de tracto único que se celebrará un día concreto, o 5 de xaneiro, por ser animacións para a cabalgata dos reis magos. Pasado ese día non se pode formalizar o contrato por perda do seu obxecto. Así se establece na cláusula 7 do prego de cláusulas administrativas particulares que rexe este contrato:



**Concello de Vigo**

### ***"CLÁUSULA 7.- PRAZO DE EXECUCIÓN***

*1.- O prazo do contrato é de 21 días. Se o contrato se adxudicase con posterioridade ao 15 de decembro este prazo reducirase debendo finalizar necesariamente o día 5 de xaneiro de 2022.*

*2.- O inicio do contrato se establece para o 15 de decembro de 2021.*

*3.- Os lotes de animacións vencellados á cabalgata (lotes 1-8) executaranse o día 5 de xaneiro de 2022. Para o lote 9 a concellería de Festas indicará o contratista as datas concretas e lugares de celebración dos eventos, cun mínimo de 3 días de antelación".*

Neste intre quedan pendentes as seguintes actuacións:

- Dar conta polo servizo xestor á Mesa de Contratación do informe de valoración do sobre B, para a súa aprobación, se procedese.
- Apertura, en acto público, do sobre C pola Mesa de Contratación.
- Elaboración e aprobación do informe de valoración do sobre C pola Mesa de Contratación.
- Formulación da proposta de clasificación en orde descendente dos licitadores pola Mesa de Contratación.
- Aprobación polo órgano de contratación da clasificación en orde descendente dos licitadores.
- Requirimento de documentación ao primeiro clasificado.
- Presentación da mesma.
- Revisión da documentación presentada, e de ser correcta, formulación de proposta de adxudicación ao órgano de contratación pola Mesa de Contratación. En caso de non ser correcta, requirimento de documentación ao licitador se procedese a mesma.
- Fiscalización pola Intervención da proposta de adxudicación.
- Aprobación polo órgano de contratación da adxudicación.
- Notificación e publicación da adxudicación.
- Formalización do contrato.

A día de hoxe só restan tres días hábiles para o día da celebración da cabalgata, e á vista das actuacións pendentes, pódese apreciar claramente que resulta imposible adxudicar o contrato antes do día 5 de xaneiro cumprindo os prazos legalmente previstos.

### **c) Xustificación da causa:**

Coa exposición da concorrncia desta causa cumprírase o último dos requisitos legais para poder acordar a decisión de non adxudicar un contrato.

### **-III-**

#### **DOS EFECTOS DO ACORDO DE NON CELEBRACIÓN DO CONTRATO**

A lexislación contractual impón á administración contratante a obriga de notificar a desistencia do procedemento aos candidatos ou licitadores participantes (artigo 152.1 LCSP). Como se indicou nos antecedentes este contrato aínda está en fase de licitación

A lei determina que deberá compensarse aos licitadores ou candidatos aptos para participar na licitación dos gastos nos que tivesen incorrido na forma prevista no prego de cláusulas administrativas particulares (artigo 152.2 LCSP). Nesta liña prevé a cláusula 12.3 do PCAP que rexe esta contratación que *“esta indemnización non superará en ningún caso a cantidade de 100 euros”*.

A decisión de non adxudicar ou non celebrar o contrato por razóns de interese público impedirá que se promova unha nova licitación do seu obxecto en tanto subsistan as razóns alegadas para fundamentar a decisión (artigo 152.3 LCSP).

### **-IV-**

#### **COMPETENCIA**

A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda do LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

#### **ACORDO**

En base ao anterior, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

*“1º.-Decidir non adxudicar o contrato do servizo de animacións, actividades e espectáculos de pequeno formato para as Festas de Nadal 2021-2022 (expediente 9105-335) polas razóns expostas no fundamento xurídico segundo deste informe.*

*2º.- Iniciar os trámites correspondentes para, se procedese, compensar aos licitadores ou candidatos aptos para participar na licitación dos gastos nos que tivesen incorrido na forma prevista no prego de cláusulas administrativas particulares”*.

#### **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.



## Concello de Vigo

### **7(1150).- ADXUDICACIÓN DA CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE ANIMACIÓNS, ACTIVIDADES E ESPECTÁCULOS DE PEQUENO FORMATO PARA AS FESTAS DE NADAL 2021-2022. EXPTE. 9105/335.**

Visto o informe de fiscalización de data 30/12/2021, dáse conta da proposta da Mesa de Contratación realizada na mesma data, que di o seguinte:

b) Procedemento aberto para a contratación do servizo de animacións, actividades e espectáculos de pequeno formato para as festas de Nadal 2021-2022 (9.105-335)

#### **LEXISLACIÓN APLICABLE**

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto lexislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación do servizo de animacións, actividades e espectáculos de pequeno formato para as festas de Nadal 2021-2022 (9.105-335)

#### **ANTECEDENTES**

**Primeiro.-** Con data do 3 de decembro de 2021 a Xunta de Goberno local, acordou:

*“Primeiro: Declarar a urxencia na tramitación do presente expediente.*

*Segundo: Aprobar o expediente de contratación polo procedemento aberto e tramitación urxente do contrato do servizo de animacións, actividades e espectáculos de pequeno formato para as festas de Nadal 2021-2022.*

*Terceiro: Aprobar o Prego de Prescricións Técnicas de 29 de Novembro de 2021 e o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares, do 30 de Novembro de 2021 redactado pola Xefa do Servizo de Contratación.*

*Terceiro: Autorizar o gasto polo importe base de licitación 120.939,50 euros, sendo o valor estimado do contrato de 99.950,00 € con cargo a aplicación orzamentaria 3380.226.0906 (Festas de Vigo).*

*Cuarto: Abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente”.*

**Segundo.-** A concelleira delegada de Contratación, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 20 de xuño de 2019), o 28 de decembro de 2021 adoptou a seguinte resolución:

*“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación do servizo de animacións, actividades e espectáculos de pequeno formato para as festas de Nadal 2021-2022 (9.105-335) (lotes, 1, 2, 3, 6, 7 e 8) na seguinte orde descendente:*

- **LOTE 1 ANIMACIÓNS NA CABALGATA DE REIS** de baile e música coa temática da obra “20.000 leguas de viaxe submarina”

<b>Orde</b>	<b>Licitador</b>	<b>Puntuación total</b>
1	IMAXINERÍA, S.L.	75,55
2	FUNDACIÓN IGUALARTE	67

- **LOTE 2 ANIMACIÓNS NA CABALGATA DE REIS** con música e elementos móbiles suspendidos no aire coa temática da obra “20.000 leguas de viaxe submarina”

<b>Orde</b>	<b>Licitador</b>	<b>Puntuación total</b>
1	ESPECIALISTAS HÍPICA CELTA, S.L.L.	89,5

- **LOTE 3 ANIMACIÓNS NA CABALGATA DE REIS** con música e elementos móbiles coa temática da obra “20.000 leguas de viaxe submarina”

<b>Orde</b>	<b>Licitador</b>	<b>Puntuación total</b>
1	KOREMI XESTION DEPORTIVA, S.L.U.	77

- **LOTE 6 ANIMACIÓNS NA CABALGATA DE REIS** con elementos móbiles e coa temática “Os vehículos de Phileas Fogg”

<b>Orde</b>	<b>Licitador</b>	<b>Puntuación total</b>
1	BARAFUNDA, S.L.	83

- **LOTE 7 ANIMACIÓNS NA CABALGATA DE REIS** de acompañamento e coa temática da obra “A volta ao mundo en 80 días”

<b>Orde</b>	<b>Licitador</b>	<b>Puntuación total</b>
1	VIGOMULTIMEDIA, S.L.U.	81

- **LOTE 8 ANIMACIÓNS NA CABALGATA DE REIS** de acompañamento e coa temática da obra “A illa misteriosa”



## Concello de Vigo

Orde	Licitador	Puntuación total
1	BIGLAB, S.L.U.	73

*Segundo.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, IMAXINERÍA, S.L. (lote 1) (B-36.914.372), ESPECIALISTAS HÍPICA CELTA, S.L.L. (lote 2) (B-32.488.470), KOREMI XESTION DEPORTIVA, S.L.U. (lote 3) (B-27.729.193), BARAFUNDA, S.L. (lote 6) (B-27.756.402), VIGOMULTIMEDIA, S.L.U. (lote 7) (B-27.706.225) e BIGLAB, S.L.U. (lote 8) (B-36.892.404), para que presenten, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciban o requirimento, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):*

- 1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.*
- 2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).*
- 3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares.*

*ESPECIALISTAS HÍPICA CELTA, S.L.L. e BARAFUNDA, S.L. xa presentaron parte da citada documentación no sobre A, polo que unicamente deberán presentar a seguinte documentación:*

- ESPECIALISTAS HÍPICA CELTA, S.L.L. (declaración de non estar incurso en prohibición de contratar, resgardo da garantía definitiva e Anexo IV do PCAP)*
- BARAFUNDA, S.L. (resgardo da garantía definitiva, Anexo IV do PCAP e acreditación da solvencia económica de acordo coas esixencias da cláusula 8 do PCAP "Acreditarase por medio das contas anuais aprobadas e depositadas no Rexistro Mercantil, se o empresario estivera inscrito en dito rexistro, e no caso contrario, polas depositadas no rexistro oficial no que deba estar inscrito").*

**Terceiro.-** Esta resolución foi notificada aos licitadores clasificados en primeiro lugar en cada un dos lotes, IMAXINERÍA, S.L. (lote 1) (B-36.914.372), ESPECIALISTAS HÍPICA CELTA, S.L.L. (lote 2) (B-32.488.470), KOREMI XESTION DEPORTIVA, S.L.U. (lote 3) (B-27.729.193), BARAFUNDA, S.L. (lote 6) (B-27.756.402), VIGOMULTIMEDIA, S.L.U. (lote 7) (B-27.706.225) e BIGLAB, S.L.U. (lote 8) (B-36.892.404), o día 28 de decembro de 2021, que presentan a documentación requirida dentro do prazo concedido.

**Cuarto.-** A Mesa de Contratación na sesión do 30 de decembro de 2021 revisou a documentación presentada, sendo esta correcta, polo que acordou, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

### **FUNDAMENTOS XURÍDICOS**

**Primeiro.-** A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polos licitadores clasificados en primeiro lugar en cada un dos lotes, IMAXINERÍA, S.L. (lote 1) , ESPECIALISTAS HÍPICA CELTA, S.L.L. (lote 2) , KOREMI XESTION DEPORTIVA, S.L.U. (lote 3) , BARAFUNDA, S.L. (lote 6) , VIGOMULTIMEDIA, S.L.U. (lote 7) e BIGLAB, S.L.U. (lote 8), como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

**Segundo.-** A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade coo disposto no artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.

A oferta máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por IMAXINERÍA, S.L. (lote 1) , ESPECIALISTAS HÍPICA CELTA, S.L.L. (lote 2) , KOREMI XESTION DEPORTIVA, S.L.U. (lote 3) , BARAFUNDA, S.L. (lote 6) , VIGOMULTIMEDIA, S.L.U. (lote 7) e BIGLAB, S.L.U. (lote 8), de acordo cos informes de valoración das proposicións avaliadas mediante xuízo de valor e das proposicións avaliadas mediante fórmula, de datas 22 e 28 de decembro de 2021, respectivamente.

**Terceiro.-** A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

*“Tomar razón do acordo adoptado pola Mesa de Contratación, na sesión do 22 de decembro de 2022, polo que non se admite a proposición de GALEGA DE RECURSOS EDUCATIVOS AVANZADOS, S.L. no lote 4 “ANIMACIÓN NA CABALGATA DE REIS con música de percusión coa temática “Expedición submariña do Capitán Nemo” por terse presentado fóra do prazo de presentación de ofertas (cláusula 15.1 do PCAP “A documentación presentarase dentro do prazo fixado no anuncio da licitación”).*

*Adxudicar a IMAXINERÍA, S.L. (CIF) o lote 1 “ANIMACIÓN NA CABALGATA DE REIS de baile e música coa temática da obra “20.000 leguas de viaxe submarina” (B-36.914.372) do procedemento aberto para a contratación do servizo de animacións, actividades e espectáculos de pequeno formato para as festas de Nadal 2021-2022 (9.105-335) por un prezo total de 8.228,00 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 1.428,00 euros.*





## Concello de Vigo

Adxudicar a ESPECIALISTAS HÍPICA CELTA, S.L.L (B-32.488.470) o lote 2 "ANIMACIÓNS NA CABALGATA DE REIS con música e elementos móbiles suspendidos no aire coa temática da obra "20.000 leguas de viaxe submarina" do procedemento aberto para a contratación do servizo de animacións, actividades e espectáculos de pequeno formato para as festas de Nadal 2021-2022 (9.105-335) coas seguintes condicións:

- a) O prezo total do lote é de 12.342,00 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 2.142,00 euros.
- b) Propón a participación de 1 persoa cun grao de discapacidade recoñecida oficialmente superior ao 33% na composición escénica do espectáculo.

Adxudicar a KOREMI XESTION DEPORTIVA, S.L.U. (B-27.729.193) o lote 3 "ANIMACIÓNS NA CABALGATA DE REIS con música e elementos móbiles coa temática da obra "20.000 leguas de viaxe submarina" do procedemento aberto para a contratación do servizo de animacións, actividades e espectáculos de pequeno formato para as festas de Nadal 2021-2022 (9.105-335) por un prezo total de 17.641,80 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 3.061,80 euros.

Adxudicar a BARAFUNDA, S.L. (B-27.756.402) o lote 6 "ANIMACIÓNS NA CABALGATA DE REIS con elementos móbiles e coa temática "Os vehículos de Phileas Fogg" do procedemento aberto para a contratación do servizo de animacións, actividades e espectáculos de pequeno formato para as festas de Nadal 2021-2022 (9.105-335) por un prezo total de 23.490,00 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 4.076,78 euros.

Adxudicar a VIGOMULTIMEDIA, S.L.U. (B-27.706.225) o lote 7 "ANIMACIÓNS NA CABALGATA DE REIS de acompañamento e coa temática da obra "A volta ao mundo en 80 días" do procedemento aberto para a contratación do servizo de animacións, actividades e espectáculos de pequeno formato para as festas de Nadal 2021-2022 (9.105-335) por un prezo total de 11.374,00 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 1.974,00 euros.

Adxudicar a BIGLAB, S.L.U. (B-36.892.404) o lote 8 "ANIMACIÓNS NA CABALGATA DE REIS de acompañamento e coa temática da obra "A illa misteriosa" do procedemento aberto para a contratación do servizo de animacións, actividades e espectáculos de pequeno formato para as festas de Nadal 2021-2022 (9.105-335) por un prezo total de 4.235,00 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 735,00 euros.

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e as ofertas presentadas".

### **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**8(1151).- PROPOSTA DE APROBACIÓN DAS CONTAS XUSTIFICATIVAS DAS ORDES DE PAGO A XUSTIFICAR DO ANO 2021 (5º). EXPTE. 102867/140.**

Visto o informe de fiscalización do 29/12/2021, dáse conta do informe-proposta da mesma data, asinado pola xefa do Servizo de Fiscalización, a interventora xeral adxunta e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

Lexislación aplicable:

- Artigos 190 e 213 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo.
- Artigo 69 do Real Decreto 500/1990 de 20 de abril.
- Base 23 das de Execución do Orzamento de 2021.

En relación á/s contas xustificativas dos seguintes pagos a xustificar:

<i>Habilitado</i>	<i>Nºpagamento</i>	<i>Aplicación orzamentaria</i>	<i>Importe librado</i>	<i>Importe xustificado</i>	<i>Data de pagamento</i>	<i>Data Real xustificación</i>	<i>Data legal de xustificación</i>	<i>Reintegro</i>	<i>S/ a favor</i>
Couce Senra Óscar	202100089498	1532.2312000	300,00	25,45	09/09/21	22/12/21	09/12/21	274,55	---
Couce Senra Óscar	202100105019	1532.2260400	1.000,00	----	20/10/21	22/12/21	20/01/22	1.000,00	---
Fernández Fernández Paz	202100073894	2310.4800000	250.000,00	168.110,70	05/08/21	10/11/21	05/11/21	81.889,30	---
Fernández Fernández Paz	202100104263	2310.7800000	30.000,00	11.294,14	15/10/21	02/12/21	15/01/22	18.705,86	---
Fernández Fernández Paz	202100111313	2310.4810000	136.000,00	123.600,00	19/11/21	23/12/21	19/02/22	12.400,00	---
Fernández Fernández Paz	202100111314	2310.4810000	588.843,00	588.276,00	19/11/21	29/11/21	19/02/22	567,00	---
García Álvarez Luís	202100077797	2311.4800000	4.500,00	3.080,00	23/08/21	19/11/21	23/11/21	1.420,00	—
García Álvarez Luís	202100092355	9201.2260300	2.000,00	2.002,70	21/09/21	23/12/21	21/12/21	----	2,70
García Álvarez Luís	202100109985	3371.2250000	526,90	526,90	15/11/21	16/11/21	15/02/22	----	—
García Álvarez Luís	202100110975	3371.2250000	200,00	200,00	18/11/21	19/11/21	18/02/22	----	---
Martínez Muñoz Francisco	202100106455	1320.2160000	500,00	181,50	26/10/21	23/12/21	26/01/22	318,50	---
Martínez Muñoz Francisco	202100106826	1320.2260100	300,00	85,00	27/10/21	23/12/21	27/01/22	215,00	---
Martínez Muñoz Francisco	202100106827	1320.2312000	200,00	38,00	27/10/21	23/12/21	27/01/22	162,00	---
Martínez Muñoz Francisco	202100107579	1320.2219900	500,00	498,41	03/11/21	27/12/21	03/02/22	1,59	---



## Concello de Vigo

Habilitado	Nº pagamento	Aplicación orzamentaria	Importe librado	Importe xustificado	Data de pagamento	Data Real xustificación	Data legal de xustificación	Reintegro	S/ a favor
Martínez Muñoz Francisco	202100107580	1320.2269900	500,00	6,68	03/11/21	23/12/21	03/02/22	493,32	---
Martínez Muñoz Francisco	202100107581	1320.2200000	100,00	78,44	03/11/21	27/12/21	03/12/22	21,56	---
Núñez-Torrón López Jesús	202100104671	2310.4800011	24.900,00	24.900,00	19/10/21	20/12/21	19/01/22	----	---
Núñez-Torrón López Jesús	202100104672	2310.2279905	1.400,00	1.107,00	19/10/21	27/12/21	19/01/22	293,00	---
Vivero Mijares Antonio	202100075904	1350.2269901	23.000,00	18.015,00	12/08/21	16/11/21	12/11/21	4.985,00	---
<b>TOTAL</b>			1.064.769,90	942.025,92				122.746,68	2,70

Procedeuse a comprobar por esta Intervención :

Alcance da fiscalización	Si	Non
Se rendiron no prazo establecido, a excepción das ordes de pago a xustificar n.º 202100089498 de Couce Senra Óscar, 202100073894 de Fernández Fernández Paz, 202100092355 de García Álvarez Luis e 202100075904 de Vivero Mijares Antonio.	✓	
A conta está debidamente asinada e están relacionadas as facturas e documentos orixinais a excepción dalgúns supostos nos que non se procede formalmente a citada enumeración.	✓	
Os gastos concretos e determinados son adecuados ó fin para o que se entregaron os fondos.	✓	
Acredítase a realización efectiva e conforme dos gastos e servizos, así como a realización material do pagamento ó acreedor da factura ou xustificante.	✓	
Inclúese, mandato de pagamento, se procede, acreditativo do reintegro sobranter.	✓	

Resultado da fiscalización

De conformidade	Con observacións	De disconformidade
	As ordes de pago a xustificar n.º 202100089498 de Couce Senra Óscar, 202100073894 de Fernández Fernández Paz, 202100092355 de García Álvarez Luis e 202100075904 de Vivero Mijares Antonio non se rendiron no prazo legal de xustificación.	

A diversa documentación que compón as contas xustificativas consta incorporada ao expediente electrónico correspondente a cada orde de pago a xustificar no aplicativo do xestor de expedientes.

### PROPOSTA

En base á Resolución de data 18 de xuño de 2019, na que se delega na Xunta de Goberno Local a aprobación das contas xustificativas rendidas polos seus perceptores, propónse a aprobación das seguintes:

<i>Habilitado</i>	<i>Nºpagamento</i>	<i>Aplicación orzamentaria</i>	<i>Importe librado</i>	<i>Importe xustificado</i>	<i>Data de pagamento</i>	<i>Data Real xustificación</i>	<i>Data legal de xustificación</i>	<i>Reintegro</i>	<i>S/ a favor</i>
Couce Senra Óscar	202100089498	1532.2312000	300,00	25,45	09/09/21	22/12/21	09/12/21	274,55	---
Couce Senra Óscar	202100105019	1532.2260400	1.000,00	----	20/10/21	22/12/21	20/01/22	1.000,00	---
Fernández Fernández Paz	202100073894	2310.4800000	250.000,00	168.110,70	05/08/21	10/11/21	05/11/21	81.889,30	---
Fernández Fernández Paz	202100104263	2310.7800000	30.000,00	11.294,14	15/10/21	02/12/21	15/01/22	18.705,86	---
Fernández Fernández Paz	202100111313	2310.4810000	136.000,00	123.600,00	19/11/21	23/12/21	19/02/22	12.400,00	---
Fernández Fernández Paz	202100111314	2310.4810000	588.843,00	588.276,00	19/11/21	29/11/21	19/02/22	567,00	---
García Álvarez Luis	202100077797	2311.4800000	4.500,00	3.080,00	23/08/21	19/11/21	23/11/21	1.420,00	—
García Álvarez Luis	202100092355	9201.2260300	2.000,00	2.002,70	21/09/21	23/12/21	21/12/21	----	2,70
García Álvarez Luis	202100109985	3371.2250000	526,90	526,90	15/11/21	16/11/21	15/02/22	----	—
García Álvarez Luis	202100110975	3371.2250000	200,00	200,00	18/11/21	19/11/21	18/02/22	----	---
Martínez Muñoz Francisco	202100106455	1320.2160000	500,00	181,50	26/10/21	23/12/21	26/01/22	318,50	---
Martínez Muñoz Francisco	202100106826	1320.2260100	300,00	85,00	27/10/21	23/12/21	27/01/22	215,00	---
Martínez Muñoz Francisco	202100106827	1320.2312000	200,00	38,00	27/10/21	23/12/21	27/01/22	162,00	---
Martínez Muñoz Francisco	202100107579	1320.2219900	500,00	498,41	03/11/21	27/12/21	03/02/22	1,59	---
Martínez Muñoz Francisco	202100107580	1320.2269900	500,00	6,68	03/11/21	23/12/21	03/02/22	493,32	---
Martínez Muñoz Francisco	202100107581	1320.2200000	100,00	78,44	03/11/21	27/12/21	03/12/22	21,56	---
Núñez-Torrón López Jesús	202100104671	2310.4800011	24.900,00	24.900,00	19/10/21	20/12/21	19/01/22	----	---
Núñez-Torrón López Jesús	202100104672	2310.2279905	1.400,00	1.107,00	19/10/21	27/12/21	19/01/22	293,00	---
Vivero Mijares Antonio	202100075904	1350.2269901	23.000,00	18.015,00	12/08/21	16/11/21	12/11/21	4.985,00	---



## Concello de Vigo

<i>Habilitado</i>	<i>Nº pagamento</i>	<i>Aplicación orzamentaria</i>	<i>Importe librado</i>	<i>Importe xustificado</i>	<i>Data de pagamento</i>	<i>Data Real xustificación</i>	<i>Data legal de xustificación</i>	<i>Reintegro</i>	<i>S/ a favor</i>
<b>TOTAL</b>			1.064.769,90	942.025,92				122.746,68	2,70

### **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **9(1152).- PROXECTO DE ORDENANZA MUNICIPAL REGULADORA DA UTILIZACIÓN DOS VEHÍCULOS DE MOBILIDADE PERSOAL. EXPTE. 118921/210.**

Visto o informe de fiscalización do 27/12/2021, dáse conta do informe-proposta de data 29/12/2021, asinado polo xefe de Área de Mobilidade e Seguridade e pola concelleira-delegada de Área, que di o seguinte:

#### **ANTECEDENTES**

1. Por orde da Terceira Tenente de Alcalde e Concelleira-delegada de de Seguridade de 22 de marzo de 2021, iniciouse expediente para a aprobación dun proxecto de ordenanza reguladora dos vehículos de mobilidade persoal no concello de Vigo.

2. Por Acordo da Xunta de Goberno Local de 25 de marzo seguinte acordouse a apertura dun período de consulta pública previsto no art. 133 da Lei 39/2015 do Procedemento Administrativo Común.

3. Durante o prazo sinalado no Anuncio deste Concello, publicado na Web do Concello de Vigo entre o 13 de abril e o 10 de maio de 2021, para a consulta pública previa, presentáronse as seguintes suxestións:

#### **3.1. SEGMOVI S.L. (210057437)**

Interesa que a nova ordenanza contemple a autorización de percorridos turísticos coa posibilidade de utilizar puntualmente as beirarrúas; e que se permita a realización de publicidade dos percorridos nas beirarrúas.

O proxecto contempla expresamente os percorridos turísticos.

A publicidade desa actividade corresponde ás normas municipais xerais sobre publicidade en vía pública en vigor.

#### **3.2. MEGA (Doc. 210059416)**

Interesa que se estableza un límite máximo de velocidade de 25 km/h; limitar a velocidade do carril máis próximo á beirarrúa a 30 km/h; permitir o uso dos vehículos de mobilidade persoal polo carril bici; facilitar o uso dos vehículos de mobilidade persoal polas vías interurbanas; establecer o uso obrigatorio de casco, chaleco; engadir as normas relativas ao adiantamento, prioridade de paso, apertura de portas, semáforos, e sinalización.

Os dous primeiros aspectos quedan recollidos na ordenanza. A limitación de velocidade do carril dereito está expresamente establecido e sinalizado. A ordenanza remite en todo o demais ás normas xerais de circulación establecidas na lexislación de tráfico.

### 3.3. D. Miguel V.J. (Doc. 210080604)

Interesa a equiparación dos vehículos de mobilidade persoal ás bicicletas; a limitación de velocidade dos vehículos de mobilidade persoal a 25 km/h; a obrigatoriedade do casco de protección, chaleco e alumeado (art. 98.1 RXC); limitación de velocidade no casco vello; limitación de velocidade no carril dereito; establecer a obrigatoriedade de circulación pola parte central do carril; permitir a utilización dos vehículos de mobilidade persoal tipo A polas beirarrúas de máis de 2 metros de ancho con velocidade limitada a 6 km/h; incrementar a dotación de espazos de estacionamento específicos ou permitir a utilización dos estacionamentos para bicicletas; engadir a tipoloxía de vehículos de mobilidade persoal publicada pola Dirección Xeral de Tráfico.

A equiparación coa bicicleta non é materia propia dunha ordenanza municipal; non resulta procedente a utilización das beirarrúas polos denominados vehículos tipo A; o proxecto de ordenanza contempla de maneira adecuada o estacionamento de vehículos de mobilidade persoal; engadir a tipoloxía dos vehículos de mobilidade persoal non é materia propia dunha ordenanza municipal, que deben limitarse a recoller o establecido na normativa estatal en materia de tráfico, circulación de vehículos a motor e seguridade viaria.

### 3.4. Voi Technology (doc. 210081082)

As alegacións responden a un enfoque de regulación da actividade de aluguer dos vehículos de mobilidade persoal que non é obxecto da ordenanza. Outros aspectos mencionados xa están debidamente respondidos na contestación ás alegacións anteriores.

## FUNDAMENTOS XURÍDICOS

1. Os aspectos fundamentais desta nova ordenanza poden sintetizarse así:

### 1.1. Xustificación:

A incipiente regulación dos vehículos de mobilidade persoal na normativa estatal en materia de tráfico, circulación de vehículos a motor e seguridade viaria, que se verifica a través da aprobación e publicación do RD 970/2020, de 10 de novembro, precisa do complemento normativo propio dos concellos, as ordenanzas, en canto aqueles vehículos están chamados a protagonizar nos próximos anos as novas formas de mobilidade urbana máis axeitadas co medio ambiente.



## Concello de Vigo

O contido da ordenanza responde ao exercicio das competencias que corresponden ao Concello, de conformidade co disposto nos artigos 25, 79 a 84 bis da Lei 7/85 de bases do réxime local; RD 1372/86 polo que se aproba o regulamento de bens das entidades locais; Lei 33/2003 de patrimonio das AAPP; Lei 5/97 das AALL de Galicia; e singularmente o Texto Refundido da Lei de Tráfico (RDL 6/15).

### 1.2. Contido e alcance:

A ordenanza consta dun total de 15 artigos; unha disposición adicional, unha disposición final e catro anexos.

### 2.- Estatuto xurídico básico e o seu complemento.

2.1 Corresponde ao Estado ditar a normativa en materia de tráfico, circulación de vehículos a motor e seguridade viaria (art. 149.1.21ª CE; art. 1 do RDL 6/15)

2.2 As ordenanzas municipais, en tanto que disposicións acordadas polas Corporacións locais para rexer con carácter xeral, son un medio ordinario de intervención na actividade dos cidadáns (Arts. 84.1.a] LRBRL) e constitúen a manifestación típica da potestade regulamentaria recoñecida ás entidades locais nos artigos 4.1.a] da LRBRL e do ROF e 6.1.a] da Lei 5/97 da Administración Local de Galicia. En particular, a potestade de ordenanza está expresamente prevista no art. 7 do Texto Refundido da Lei de Tráfico (RDL 6/2015).

As súas disposicións serán aplicables en todo o non previsto pola lexislación básica e pola sectorial que resulten de aplicación, sen prexuízo da concepción flexible da colaboración normativa dos municipios en relación coa reserva de lei nas materias da súa competencia, maior que o que corresponde á normativa regulamentaria estatal sobre a base dunha constante a anella doutrina constitucional que parte do dobre dato normativo do carácter representativo do Pleno, e de que a garantía da autonomía local prevista na CE impide que a lei conteña unha regulación esgotadora daquelas materias en que está claramente presente o interese local.

3. A teor do disposto na LRBRL, corresponde á Xunta de Goberno local a aprobación dos proxectos de ordenanzas (Art. 127.1.a) e ó Pleno da Corporación a aprobación e modificación das ordenanzas e regulamentos municipais (Art. 123.1.d).

4. En canto ao procedemento de aprobación, resultan de aplicación o art. 49 da LRBRL e o Título VII do Regulamento Orgánico do Pleno do Concello de Vigo, aprobado definitivamente en sesión ordinaria de data 30.05.2016.

5. En canto á súa entrada en vigor, art. 70.2 LRBRL.

6.- No expediente constan informes favorables do Secretario Xeral de Pleno e da Intervención Xeral.

## **PROPOSTA**

Á vista do anterior, propónse á Xunta de Goberno Local, que de conformidade coas atribucións que lle confire o artigo 127 da LBRL, e se o estima oportuno, adopte o seguinte acordo:

**PRIMEIRO.-** Aprobar o proxecto de ordenanza municipal reguladora dos vehículos de mobilidade persoal no concello de Vigo , de acordo co texto que de seguido se transcribe.

**SEGUNDO.:** Propoñer ao Pleno da Corporación a adopción do seguinte acordo:

PRIMEIRO: Aprobar inicialmente a ordenanza municipal reguladora dos vehículos de mobilidade persoal no concello de Vigo (Expte. Nº 118921/210), co texto que se transcribe ao final deste acordo.

SEGUNDO: Abrir un período de información pública polo prazo de 30 días para a presentación de reclamacións e suxestións.

TERCEIRO: Declarar que, consonte ao establecido no artigo 49.c) da LRBRL, de non se presentar ningunha reclamación ou suxestión, entenderase definitivamente aprobado ata entón provisional, debendo publicarse o texto íntegro da Ordenanza Modificada no BOP, entrando en vigor cando haxa transcorrido o prazo previsto no artigo 65.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local.

## **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

## **ORDENANZA MUNICIPAL REGULADORA DOS VEHÍCULOS DE MOBILIDADE PERSOAL NO CONCELLO DE VIGO.**

## **ÍNDICE**

ORDENANZA MUNICIPAL REGULADORA DOS VEHÍCULOS DE MOBILIDADE PERSOAL NO CONCELLO DE VIGO.....	1
PREÁMBULO.....	2
ARTICULADO.....	3
Artigo 1. Obxecto.....	3
Artigo 2. Definición.....	3
Artigo 3. Documentación e rexistro municipal de vehículos.....	3
Artigo 4. O/a condutor/a.....	4
Artigo 5. Seguro de responsabilidade civil.....	4





## Concello de Vigo

Artigo 6. Aspectos relativos ao uso e circulación.....	4
Artigo 7. Vías de circulación dos VMP. Limitacións de uso.....	5
Artigo 8. Estacionamento.....	6
Artigo 9. Actividades económicas privadas.....	6
Artigo 10. Réxime sancionador.....	7
Artigo 11. Suxeitos responsables.....	7
Artigo 12. Infraccións.....	7
Artigo 13. Sancións.....	8
Artigo 14. Prescrición de infraccións e sancións.....	8
Artigo 15. Inmobilización e retirada.....	9
Disposición adicional. Tratamento residual dos VMP.....	9
Disposición final. Publicación e entrada en vigor.....	9
ANEXOS.....	10
Anexo I. Calzadas excluídas á circulación de VMP.....	10
Anexo II. Listado de espazos públicos e permeabilidade da circulación de VMP.....	11
Anexo III. Definicións e clasificación de espazos públicos de menor a maior presenza de vehículos a motor.....	12
Anexo IV. Enumeración de rúas que constitúen o Casco Vello e Bouzas.....	13

# **ORDENANZA MUNICIPAL REGULADORA DOS VEHÍCULOS DE MOBILIDADE PERSOAL NO CONCELLO DE VIGO.**

## **PREÁMBULO**

A presente ordenanza nace da vontade deste Concello de garantir o uso axeitado dos espazos públicos para toda a cidadanía ante a aparición en datas recentes dun novo modo de mobilidade urbana como son os denominados vehículos de mobilidade persoal (no sucesivo VMP) regulando o seu uso, de tal forma, que se prime a seguridade viaria.

A norma trata de harmonizar os distintos usos das vías e os espazos públicos; facelos máis compatibles coas distintas modalidades de vehículos, pero tamén cos usuarios máis vulnerables, como son os peóns. Busca o respecto o medio urbano, e en especial, ao seu patrimonio histórico-artístico, sen significar unha traba a unha nova forma de mobilidade menos contaminante. Por este motivo, o seu obxectivo non é so regular a circulación dos VMP nas vías urbanas, senón tamén impulsar novas formas de mobilidades máis axeitadas co medio ambiente, tal e como recolle o Plan de Mobilidade Urbana Sostible do Concello de Vigo.

Esta ordenanza complementa e amplía a normativa sobre os VMP contida na regulación estatal sobre tráfico e circulación. A regulación afecta o uso destes dispositivos en vías urbanas abertas o público, non entrando en consideración o emprego noutros ámbitos de carácter privado. Como aspectos máis salientables do presente texto destacar: a introdución da obrigación aos usuarios de portar elementos de seguridade como o casco e prendas reflectoras, a necesidade de dispoñer dun seguro de responsabilidade civil como os demais vehículos a motor, fixar unha idade mínima para o seu manexo polas vías urbanas, establecer a responsabilidade solidaria de pais, nais ou titores no caso de sancións a menores por infraccións cometidas por estes, e unha regulación da súa posible explotación económica que terá no futuro un desenrolo máis pormenorizado nas licitacións e concesións correspondentes. Establécense tamén os requisitos técnicos que deben presentar os VMP, certas limitacións de uso relativas a velocidade e o seu emprego en determinadas zonas da cidade.

A ordenanza estruturase en 15 artigos, unha disposición adicional, unha disposición final e catro anexos, o través dos cales defínese o obxecto, características e documentación necesaria dos vehículos, infraccións e sancións, e viais afectos a circulación.

Por último, ante esta nova realidade na mobilidade urbana e os diferentes e lexítimos intereses privados en xogo, a defensa do interese público lévanos a regular dun xeito proporcional e equilibrado, o uso dos vehículos de mobilidade persoal no Concello de Vigo.

## **ARTICULADO**

Artigo 1. Obxecto.

1. Esta ordenanza ten por obxecto establecer os requisitos e condicións de uso dos vehículos de mobilidade persoal (VMP) no Concello de Vigo.
2. Para tal efecto regula:



## Concello de Vigo

- a) Os requisitos dos vehículos de mobilidade persoal.
- b) Os requisitos do/a condutor/a.
- c) Os requisitos de circulación.
- d) O réxime sancionador.
- e) O marco básico regulador das actividades económicas con VMP.

### Artigo 2. Definición.

1. Defínese como vehículo de mobilidade persoal (VMP) aquel dunha ou máis rodas dotados dunha única praza e propulsados exclusivamente por motores eléctricos que poden proporcionar ao vehículo unha velocidade máxima por deseño comprendida entre 6 e 25 km/h. Só poden estar equipados cun asento ou sela se están dotados de sistema de autoequilibrado.
2. Exclúense desta definición os vehículos sen sistema de autoequilibrado e con sela, os vehículos concibidos para competición, os vehículos para persoas con mobilidade reducida e os vehículos cunha tensión de traballo maior a 100 VCC ou 240 VAC, así como aqueles incluídos dentro do ámbito do Regulamento (UE) n.º 168/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 15 de xaneiro de 2013.
3. Os dispositivos que non teñen a consideración de VMP, e están fóra do ámbito de aplicación do Regulamento (UE) nº168/2013 non poden circular polas vías públicas, e no lles afecta esta ordenanza.
4. Os VMP que non sobrepasen a velocidade de 6 km/h teñen a consideración de xoguetes. Non poderán circular por vías urbanas salvo aquela sinalizadas como zonas residenciais (S-28)
5. Os VMP que non contén con sistema de freado só poderán utilizarse con fins lúdicos ou deportivos e nas zonas especificamente deseñadas ou sinalizadas.
6. Os VMP que non contén con guiador non poderán compartir espazo cos vehículos a motor.

### Artigo 3. Documentación e rexistro municipal de vehículos.

1. Os vehículos de mobilidade persoal deberán dispor de certificado de circulación conforme o disposto no art. 22 bis do Regulamento xeral de vehículos aprobado polo Real decreto 2822/98, do 23 de decembro, modificado polo Real decreto 970/20, do 10 de novembro.
2. Por Acordo da Xunta de Goberno Local, poderase crear e levar un rexistro obrigatorio de todos os vehículos de mobilidade persoal.

O obxectivo deste rexistro será permitir a identificación de vehículos e titulares en caso de roubo, extravío ou accidentes. O rexistro de vehículos terá carácter puramente administrativo. Será público para as persoas interesadas e terceiros que teñan interese lexítimo e directo.

En todo caso figurarán:

- a) O Certificado para a circulación.
- b) O Seguro de responsabilidade civil fronte a terceiros.
- c) O usuario

#### Artigo 4. O/a condutor/a.

A idade mínima para conducir un VMP é de 15 anos cumpridos.

#### Artigo 5. Seguro de responsabilidade civil.

Os/as titulares dos VMP que desexen utilizalos polas vías urbanas deberán dispoñer dun seguro de responsabilidade civil que responda dos posibles danos ás persoas ou aos bens derivados do risco creado pola súa utilización polas vías e espazos públicos da competencia do concello de Vigo.

Os importes da cobertura do seguro non poderán ser inferiores a 500.000 euros por sinistro, no caso dos danos ás persoas.

#### Artigo 6. Aspectos relativos ao uso e circulación.

1. Será obrigatorio o uso de casco e de chaleco ou roupa reflectora homologados.
2. Respectarase en todo momento as normas xerais de circulación establecidas nesta ordenanza e na lexislación vixente en materia de tráfico, circulación de vehículos a motor e seguridade viaria.
3. Deberase circular coa dilixencia e precaución necesarias para evitar riscos e/ou danos propios ou alleos. Manterase unha distancia dun metro e medio respecto aos peóns; de non existir un paso seguro entre eles, o condutor/a terá que desmontarse do VMP e empuxalo a pé apagado. A persoa condutora debe estar, en todo momento, en condicións de controlar o seu vehículo.
4. As persoas con mobilidade reducida que se despracen en cadeiras de rodas, con independencia do tipo de cadeira, son peóns, para todos os efectos.
5. Non se pode circular con taxas de alcol no organismo superiores ás establecidas regulamentariamente, nin con presenza de drogas ou calquera outro tipo de substancias que poidan alterar as condicións persoais para o manexo de vehículos.
6. Só está permitido o uso unipersoal ou monoplaza.
7. Non se permite circular con auriculares conectados a aparellos receptores ou reprodutores de son.
8. Non se permite circular usando dispositivos de telefonía móbil, así como calquera outro medio ou sistema de comunicación que implique uso manual.
9. En ningún caso, permitirase que sexan arrastrados por outros vehículos ou animais.
10. Cando circulen por calzada o farán polo carril da dereita e ocupando a parte central do mesmo.
11. Nos pasos para ciclistas deberase reducir a velocidade, cruzar a unha velocidade moderada e con precaución, sen invadir o espazo reservado para peóns. Terase que desmontar do VMP no caso de que non existise un paso seguro entre os peóns e empuxar a pé o VMP apagado.
12. Está prohibido circular con VMP levando animais, mercadorías ou obxectos que sobresaían do vehículo.
13. Prohíbese que circulen en formación paralela.



## Concello de Vigo

14. Os VMP que pola súa construción dispoñan de luces dianteiras e traseiras deberán facer uso destas para circular. Terán prohibido a circulación entre a posta e saída do sol, e cando as condicións meteorolóxicas sexan desfavorables se non dispoñen de alumeado.

### Artigo 7. Vías de circulación dos VMP. Limitacións de uso.

1. Débense cumprir as seguintes condicións específicas de circulación, atendendo ao tipo de vía:

- a) En beirarrúas e zonas peonís non se poderá circular con VMP. Nestes casos os usuarios deberán desmontarse do VMP, e empuxalo apagado ata o seu destino ou lugar de estacionamento.
- b) Casco Vello Alto e Baixo, e Casco Histórico de Bouzas (zonas delimitadas en Anexo IV), rúas con prioridade peonil (rúas residenciais sinalizadas con S28 e áreas de convivencia ciclista-peón debidamente sinalizadas). Poderase circular a unha velocidade non superior a 10 km/h, que deberá reducirse a 5 km/h para acomodalala á velocidade dos peóns cando se aproxime a estes, unha distancia mínima de dous metros de separación respecto das fachadas e dun metro e medio de separación respecto das persoas. Terá que desmontarse do VMP no caso de que non existise un paso seguro de entre peóns de 1,5 m e empuxar a pé o VMP apagado.
- c) Circulación polo carril-bici, pista-bici, sendas ciclables e beirarrúas-bici (ao non poder circular polas beirarrúas). A circulación por estes espazos está autorizada coas limitacións do tipo de vehículo do artigo 9 da presente ordenanza e a unha velocidade non superior a 20 km/h
- d) Circulación pola calzada, ciclo-carril. A velocidade máxima será de 25km/h ou no seu caso respectando as limitacións de velocidade xenéricas vixentes ou sinalizadas na vía.
- e) Carril bus: Os VMP poderán circular polo carril bus a unha velocidade máxima de 25 km/h

2. Prohíbese circular por travesías, vías interurbanas e autoestradas e autovías que transcorren dentro de poboación con vehículos de mobilidade persoal. Así mesmo, queda prohibida a circulación destes vehículos en túneles urbanos e pasos inferiores urbanos.

3. O Anexo I recolle as vías excluídas da circulación dos VMP por razóns como intensidade de uso, composición do tráfico e o seu carácter vertebrador da mobilidade de vehículos a motor, e por dispoñer en todos os casos de alternativa viaria.

4. O Anexo II recolle os usos permitidos en espazos públicos segundo as características técnicas dos vehículos de mobilidade persoal. O Anexo III recolle a definición destes, excepto a delimitación do Casco Histórico e de Bouzas, que están recollidas no Anexo IV.

5. Os anexos previstos nesta ordenanza poderán ser modificados por necesidades técnicas de circulación por acordo da Xunta de Goberno Local.

### Artigo 8. Estacionamento.

1. Os VMP estacionaranse nos espazos especialmente destinados a eles e/ou ao aparcamento de bicicletas.

2. No suposto de non existir estes aparcamentos libres nunha contorna de 50 metros, poderán estacionar en fila sobre a beirarrúa a un mínimo de 50 cm do bordo, sempre que non impidan o tránsito de peóns. Se a beirarrúa ten máis de 5 m de anchura, o estacionamento poderase facer en semibatería coas seguintes restricións:

- sempre que non exista sinalización específica que o prohiba;
- a máis de dous metros das extremas das marcas viais que delimitan os pasos de peóns, zonas de carga e descarga, e paradas de transporte público.

3. Os vehículos de mobilidade persoal non poderán ser ancorados a elementos de alumado e sinalización, elementos vexetais, bancos, marquesiñas, nin a outros elementos de mobiliario urbano.

4. Os VMP destinados ao exercicio de actividades económicas, estacionaranse nos lugares e forma que estableza o título habilitante para a actividade e/ou concesión.

#### Artigo 9. Actividades económicas privadas.

1. Todos os vehículos de mobilidade persoal que se utilicen para o desenvolvemento dunha actividade económica, incluíndo o alugueiro de tales vehículos, deberán dispoñer dun seguro de responsabilidade civil que responda dos posibles danos ás persoas ou aos bens derivados do risco creado pola súa utilización polas vías e espazos públicos da competencia do concello de Vigo.

2. Cando a actividade económica teña por obxecto a realización de itinerarios de interese turístico, deberán obter ademais unha autorización municipal cuxo outorgamento esixirá en todo caso:

- a) A existencia do certificado para a circulación, ou no seu defecto legal, o documento que acredite a homologación do vehículo;
- b) Proposta de itinerarios e horarios;
- c) Declaración responsable comprometéndose a non permitir o uso senón conforme ao disposto na presente ordenanza, as normas xerais de circulación e demais que resulten aplicables, coidando que os usuarios teñan capacidade bastante para o manexo dos vehículos.

#### Artigo 10. Réxime sancionador.

1. A responsabilidade por infraccións cometidas contra o disposto nesta ordenanza determinarase conforme o previsto no Real decreto lexislativo 6/2015, do 30 de outubro polo que se aproba o Texto refundido da Lei de tráfico, circulación de vehículos a motor e seguridade viaria, ou norma que o substitúa, e tramitaranse de acordo coa dita normativa.

2. O procedemento e réxime sancionador das infraccións á presente ordenanza, que non estean recollidas no Real decreto lexislativo 6/2015, do 30 de outubro polo que se aproba o Texto refundido da Lei de tráfico, circulación de vehículos a motor e seguridade viaria, será o previsto na Lei 39/2015, de 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas. Neste caso, as sancións serán obxecto dunha bonificación do 50% no suposto de ser abonadas en período voluntario.

3. A tramitación do procedemento sancionador será independente daqueles outros procedementos que tivesen que tramitarse por restauración da realidade física alterada ou por execución forzosa.

4. De cometerse unha posible infracción, a persoa titular do vehículo ten a obriga de identificar ante o Concello ao seu condutor/a.



## Concello de Vigo

### Artigo 11. Suxeitos responsables.

1. A responsabilidade polas infraccións desta ordenanza recaerá directamente na persoa autora do feito.
2. Non obstante, cando a infracción corresponda a un menor de dezoito anos responderán solidariamente da sanción imposta aos seus proxenitores, titores ou gardadores legais.
3. Nos supostos en que non teña lugar a detención do vehículo pola autoridade, será responsable a/o condutor/a identificado/a polo titular. De non producirse a identificación considerarase responsable o/a condutor /a que conste como titular, excepto no caso de subtracción do vehículo.
4. No suposto de actividades económicas ademais do suxeito autor da infracción será responsable o titular da actividade.

### Artigo 12. Infraccións.

1. As infraccións á presente ordenanza cualificaranse en leves, graves e moi graves.
2. Cualificaranse como infraccións leves:
  - a) Circular sen manter unha distancia de separación mínima establecidas nesta ordenanza.
  - b) Estacionar sobre beirarrúas, paseos e demais zonas destinadas ao paso de peóns
  - c) Estacionar un VMP fóra dos espazos destinados para eles, existindo prazas libres nunha entorna de 50 m.
  - d) Amarrar o atar un VMP nun lugar onde está especificamente prohibido.
3. Cualificaranse como infraccións graves:
  - a) Circular incumprindo as normas establecidas sobre limitacións de velocidade cando no se considere como infracción moi grave.
  - b) Circular en VMP sen ter a idade mínima permitida.
  - c) Circular transportando viaxeiros excedendo o uso unipersoal.
  - d) Circular cun VMP carecendo de sistema de freado.
  - e) Circular con auriculares conectados a aparellos receptores ou reprodutores de son.
  - f) Circular por vías ou zonas prohibidas.
  - g) Circular incumprindo as condicións de circulación esixidas pola ordenanza e demais normativa de aplicación.
  - h) Circular cun VMP sen o casco de protección obrigatorio ou as pezas de roupa ou elementos reflectores.
  - i) Circular sen levar timbre, e/ou luces se por construción estivera obrigado.
  - k) Conducir utilizando un teléfono móbil ou outro medio ou sistema de comunicación.

l) Estacionar un VMP fora dos espazos destinados para eles entorpecendo o tránsito peonil ou doutros vehículos.

#### 4. Cualificaranse como infraccións moi graves:

- a) Circular incumprindo as normas establecidas sobre limitacións de velocidade, excedendo en máis dun 50 por cento a velocidade máxima permitida.
- b) Circular con taxas de alcohol no organismo superior ás establecidas regulamentariamente ou con presenza de drogas.
- c) Circular con temeridade, provocando circunstancias de risco propio ou para terceiros, e que podan poñer en perigo ao resto de usuarios/as da vía.
- d) Circular cun aparello que non teña a consideración de VMP e que a súa vez estea fóra do ámbito de aplicación do Regulamento (UE) n.º 168/2013
- e) Carecer de seguro de responsabilidade civil.
- f) Exercer actividade económica con VMP sen ter obtido as autorizacións pertinentes para o inicio da actividade, ou continuar exercendo a actividade esgotado ou finalizado o prazo estipulado para autorización.

#### Artigo 13. Sancións.

As infraccións descritas sancionaranse do xeito seguinte:

- a) As cualificadas como leves con multas de ata 100 euros.
- b) As cualificadas como graves con multas de 101 euros ata 200 euros.
- c) As cualificadas como moi graves con multas de 201 euros ata 500 euros.

#### Artigo 14. Prescrición de infraccións e sancións.

1. As infraccións das normas contidas nesta ordenanza, que á súa vez constituían infraccións da normativa de tráfico, e os seus regulamentos de desenvolvemento, e as súas sancións correspondentes, rexeranse polo réxime previsto nas ditas normas.
2. O resto das infraccións reguladas na ordenanza prescribirán: as leves aos seis meses de ser cometidas, as graves aos dous anos, e as moi graves aos tres anos .
3. O prazo de prescrición das sancións reguladas pola ordenanza será: un ano para as leves, dous anos para as graves, e tres anos para as moi graves.

#### Artigo 15. Inmobilización e retirada.

1. Os axentes da autoridade encargados da vixilancia do tráfico poderán inmovilizar e retirar o vehículo de mobilidade persoal conforme o establecido nos artigos 104 e 105 da Lei de tráfico.
2. Na adopción das anteriores medidas provisionais, que non terán carácter de sanción, deberán observarse os principios de proporcionalidade, efectividade e menor onerosidade, de forma que a súa





## Concello de Vigo

adopción só terá lugar de ser necesaria para facilitar a fluidez do tráfico ou por representar un perigo para a seguridade viaria.

Disposición adicional. Tratamento residual dos VMP.

Os vehículos de mobilidade persoal serán obxecto de tratamento residual nos supostos establecidos no art. 106.1, letras a) e b) da Lei de tráfico.

Disposición final. Publicación e entrada en vigor.

De conformidade co disposto nos artigos 56.1, 65.2 e 70.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, a publicación e entrada en vigor da ordenanza producirase da seguinte forma:

- a) O acordo de aprobación definitiva desta ordenanza comunicáraselle ás administracións do Estado e da Comunidade Autónoma de Galicia.
- b) Transcorrido o prazo de quince días desde a recepción da comunicación, o acordo e a ordenanza publicaranse no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra.
- c) A ordenanza entrará en vigor aos 15 días da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra.

### ANEXOS

#### **Anexo I. Calzadas excluídas á circulación de VMP.**

- Gran Vía entre Venezuela e Praza América.
- Avd. de Madrid nos carrís centrais
- Avd. de Castelao
- Avd. de Beiramar
- Avd. de Clara Campoamor
- Avd. do Arquitecto Palacios
- Avd. de Citroën

## Anexo II. Listado de espazos públicos e permeabilidade da circulación de VMP

Tipo de espazo público		VMP sen guiador	VMP con guiador	VMP de máis de dos rodas
		Vmax=20km/h	Vmax=25km/h	Vmax=25km/h
a)	Beirarrúas	NO	NO	NO
	Zonas peonís	NO	NO	NO
b)	Casco Vello Centro e Bouzas	SI (a Vmax=10km/h)	SI (a Vmax=10km/h)	NO
	Rúas residenciais (sinalizadas con S28)	SI (a Vmax=10km/h)	SI (a Vmax=10km/h)	NO
	Áreas sinalizadas de convivencia ciclista-peón	SI (a Vmax=10km/h)	SI (a Vmax=10km/h)	NO
c)	Carril-bici	NO	SI (a Vmax=20km/h)	NO
	Pista-bici	SI	SI (a Vmax=20km/h)	NO
	Sendas ciclables (sinalizadas con S33)	SI (a Vmax=10km/h)	SI (a Vmax=10km/h)	NO
	Beirarrúas-bici	SI (a Vmax=10km/h)	SI (a Vmax=10km/h)	NO
d)	Calzada	NO	SI	SI
	Ciclo-carril	NO	SI	SI
	Zona 30	NO	SI	SI
e)	Carril bus/taxi/moto	NO	SI	SI
d)	Túneles e pasos inferiores urbanos.	NO	NO	NO



### **Anexo III. Definicións e clasificación de espazos públicos de menor a maior presenza de vehículos a motor.**

- Zona peonil: parte da vía, elevada o delimitada doutra forma, reservada á circulación de peóns. Inclúese nesta definición a beirarrúa, ou andén e o paseo.
- Vía Ciclista: Vía especificamente condicionada para o tráfico de ciclos, coa sinalización horizontal correspondente, e cuxo ancho permite o paso seguro deste vehículos.
- Área de convivencia ciclista-peón: rúas ou zonas peonís na que se permite expresamente circular en bicicleta mediante sinalización vertical correspondente. Poden existir marcas no pavimento que indiquen unha zona ou eixo de circulación ciclista. Débese respectar o peón, quen terá preferencia en todo momento. O usuario do vehículo está obrigado/a a apear-se e ir andando se as condicións de circulación pola presenza de peóns non permiten manter unha distancia mínima de 1m. Estarán debidamente sinalizadas.
- Pista bici: vía ciclista segregada do tráfico motorizado con trazado independente das estradas
- Senda ciclable (S33): vía para peóns e ciclos, segregada do tráfico motorizado, e que discorre por espazos abertos, parques, xardíns ou bosques.
- Beirarrúa-bici: vía ciclista sinalizada sobre a beirarrúa
- Rúas residenciais (S28): zonas de circulación especialmente acondicionadas que están destinadas en primeiro lugar a peóns. Nelas aplícanse as normas especiais de circulación seguintes: –velocidade máxima dos vehículos 20 km/h e os condutores deben conceder a prioridade a peóns. Os vehículos non poden estacionarse máis que nos lugares designados por sinais ou por marcas. Os peóns poden utilizar toda a zona de circulación. Os xogos e os deportes están autorizados. Os peóns non deben estorbar inutilmente aso condutores de vehículos.
- Carril-bici Vía ciclista que descorre apegada á calzada, en un so sentido ou en dobre sentido.
- Ciclo-carril: calzada de varios carrís, na que un só carril ten limitada a velocidade. As bicicletas e VMP teñen preferencia sobre os vehículos a motor. Os demais vehículos teñen permitido o seu uso respectando unha distancia de seguridade de 10m.
- Carril bus/taxi: carril especialmente reservado o habilitado para a circulación de transporte colectivo de viaxeiros.
- Zonas 30: zona de circulación especialmente acondicionada que está destinada en primeiro lugar os peóns. A velocidade máxima dos vehículos está fixada en 30 km/h. Os peóns teñen prioridade.

### **Anexo IV. Enumeración de rúas que constitúen o Casco Vello e Bouzas**

- Casco Vello Alto: rúas de Abeleira Menéndez, Cruz Verde, Ferrería, San Sebastián, Subida ao Castelo, Herba, Santiago e Praza de Argüelles.
- Casco Vello Baixo: o interior do perímetro delimitado polas rúas de Elduayen, Carral, Cánovas del Castillo, Avda. de Beiramar ata a súa confluencia coas rúas de San Francisco e Poboadores, incluídas estas dúas últimas.
- Casco Histórico de Bouzas: Alameda Suárez Llanos, rúas de Ferreiros entre Casiano Martínez e Rúa do Pazo; Ramón Antonio Álavaro, Caetano Pereira Limia, Santa Ana, Pazo, Praza da Vila de Bouzas, Sebastián Elcano, Alfaies, San Miguel e Santo Cristo.

**10(1153).- PROPOSTA DE ADXUDICACIÓN DA CONTRATACIÓN DO SUBMINISTRO DE TRES VEHÍCULOS EN RÉXIME DE ARRENDAMENTO (RENTING). EXPTE. 14613/445.**

Visto o informe de fiscalización de data 28/12/2021, dáse conta da proposta da Mesa de Contratación realizada o 28/12/2021, que di o seguinte:

a) Procedemento aberto para a contratación do subministro de tres vehículos en réxime de arrendamento (renting) (14.613-445)

**LEXISLACIÓN APLICABLE**

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación do subministro de tres vehículos en réxime de arrendamento (renting) (14.613-445)

**ANTECEDENTES**

**Primeiro.-** Con data do 30 de setembro de 2021 a Xunta de Goberno local, acordou:

*“Primeiro.- Aprobar o presente expediente de contratación, a través de procedemento aberto e tramitación ordinaria, do “SUBMINISTRO DE TRES VEHÍCULOS PARA O CONCELLO DE VIGO, MEDIANTE A MODALIDADE DE RENTING”.*

*Segundo.- Aprobar o Prego de Prescricións Técnicas particulares asinado polo Enxeñeiro de Camiños, Canais e Portos en data 18.08.2021.*

*Terceiro.- Aprobar o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares que rexerá a contratación, asinado pola Técnica de Administración Xeral de data 17.09.2021.*

*Cuarto.- Autorizar o gasto por importe total do expediente de contratación, que ascende a un importe máximo de SESENTA E UN MIL DOUSCENTOS EUROS (61.200,00 €), sendo a partida correspondente ao IVE de 10.621,49 €.*

*Por ter o financiamento carácter plurianual aplicaranse os créditos do orzamento do Concello de Vigo, na partida orzamentaria 9202 2040000.- “Aluguer vehículos sen conductor”, de acordo coas seguintes anualidades:*

Anualidade	2021	2022	2023
Lote 1	2.200,00 €	13.200,00 €	11.000,00 €



## Concello de Vigo

Lote 2	2.900,00 €	17.400,00 €	14.500,00 €
Total	5.100,00 €	30.600,00 €	25.500,00 €

As diferentes anualidades imputaranse aos exercicios orzamentarios detallados, quedando o gasto subordinado ao crédito que para cada exercicio se consigne no orzamento, segundo o disposto no artigo 117.2 LCSP.

Quinto.- Abrir o procedemento de adjudicación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente”.

**Segundo.-** A concelleira delegada de Contratación, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 20 de xuño de 2019), o 10 de decembro de 2021 adoptou a seguinte resolución:

“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adjudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas nos lotes 1 e 2 deste procedemento aberto para a contratación do subministro de tres vehículos en réxime de arrendamento (renting) (14.613-445) na seguinte orde descendente:

- Lote 1 “Vehículo turismo tipo SUV híbrido enchufable 4x4 alta gama”:

	Licitador	Puntuación total
1	AUTOS BREA, S.L.	87,00 puntos

- Lote 2 “Dous vehículos eléctricos utilitarios”:

	Licitador	Puntuación total
1	AUTOS BREA, S.L.	89,00 puntos
2	MOVELCO MOBILITY, S.L.	62,37 puntos

Segundo.- Requerir ao licitador clasificado en primeiro lugar nos dous lotes, AUTOS BREA, S.L. (B-15.015.985), para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares”.

**Terceiro.-** Esta resolución foi notificada ao licitador clasificado en primeiro lugar, AUTOS BREA, S.L., o día 15 de decembro de 2021, que presenta a documentación requirida o 21 e 28 de decembro, dentro do prazo concedido.

**Cuarto.-** A Mesa de Contratación na sesión do 28 de decembro de 2021 revisou a documentación presentada, sendo esta correcta, polo que acordou, por unanimidade

dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

## **FUNDAMENTOS XURÍDICOS**

**Primeiro.-** A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar ar, AUTOS BREA, S.L., como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

**Segundo.-** A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade coo disposto no artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.

A oferta máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por AUTOS BREA, S.L., de acordo cos informes de valoración das proposicións avaliábeis mediante xuízo de valor e das proposicións avaliábeis mediante fórmula, de datas 15 de novembro e 9 de decembro de 2021, respectivamente.

**Terceiro.-** A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

*“Adxudicar a AUTOS BREA, S.L. (B-15.015.985) os lotes 1 e 2 do procedemento aberto para a contratación do subministro de tres vehículos en réxime de arrendamento (renting) (14.613-445) coas seguintes condicións:*

- a) *O prezo total do lote 1 deste contrato é de 25.080,00 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 1.320,00 euros.*

*Propón un incremento da quilometraxe anual prevista na cláusula 10 do PPT de 5.000 Km. adicionais*

- b) *O prezo total do lote 2 deste contrato é de 33.060,00 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 1.740,00 euros.*

*Propón un incremento da quilometraxe anual prevista na cláusula 10 do PPT de 5.000 Km. adicionais*



**Concello de Vigo**

*Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.*

### **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

#### **11(1154).- AUTORIZACIÓN ADICIONAL DE GASTO PARA A CONTINUIDADE DA PRESTACIÓN DO SUBMINISTRO, EN RÉXIME DE ARRENDAMENTO (RENTING), DE VEHÍCULOS PARA A POLICÍA LOCAL DURANTE O PERÍODO COMPRENDIDO ENTRE 01 DE XANEIRO DE 2022 E O 28 DE FEBREIRO DE 2022. EXPTE. 43577/212.**

Visto o informe de fiscalización do 29/12/2021, dáse conta do informe-proposta de data 28/12/2021, asinado polo xefe de Área de Seguridade e Mobilidade e pola concelleira-delegada de Seguridade, que di o seguinte:

#### **ANTECEDENTES.-**

Primeiro.- A Xunta de Goberno Local, na **sesión ordinaria do 12 de agosto de 2021**, adoptou o seguinte acordo ( EXPTE. 43577/212):

*“1º.- A continuidade da prestación do subministro en réxime de arrendamento (renting) de vehículos para a Policía Local (expediente 43.577-212) nas mesmas condicións ata a efectiva entrega dos vehículos do novo contrato (68.047-212) segundo as previsións do prego de cláusulas administrativas particulares e a oferta do adxudicatario por un período mínimo de 2 meses (desde o 15 de agosto ata a efectiva entrega dos vehículos do novo contrato adxudicado no expediente 68.047-212).*

*2º.- Aprobar e dispoñer un gasto de 42.599,89 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 7.393,37 €, correspondente ao período de 2 meses (desde o 15 de agosto ata o 16 de outubro de 2021), a favor da mercantil BANCO SANTANDER, S.A., con cargo á aplicación orzamentaria 1320.2040000 (renting vehículos da Policía Local) e o seu nivel de vinculación xurídica.”*

Segundo .- O 30 de setembro de 2021 o adxudicatario do novo contrato renting (expte. 68047/212), RODOSA, S.L., con invocación do art. 195.2 da Lei de Contratos por razón da crise da industria da automoción, solicitou a través do Rexistro Xeral ampliación do prazo de entrega de todos os vehículos.

Terceiro.- O 13 de outubro de 2021 iniciouse expediente relativo á solicitude de ampliación do prazo e demais particulares derivados da execución do contrato, tramitado co número 78017-212 e declarado de urxencia pola concorrencia da continuación extraordinaria do contrato renting precedente.

Cuarto.- O 14 de outubro notificouse a RODOSA, S.A., a apertura dun periodo de prueba de 5 días hábiles para aportar ao expediente cantas xustificacións documentais se teñan en relación á causa invocada.

Quinto.- O 22 de decembro de 2021 Talleres Rodosa, S.L. presenta escrito a través do Rexistro Xeral indicando o estado do avance na execución do contrato, aportando as seguintes datas de entrega dos vehículos (doc. 210293639):

- Clase I: As oito unidades de turismos sen kit de detidos prevese a súa entrega nos vindeiros días.

- Clase II: A entrega dos catro vehículos está prevista para o vindeiro mes de xaneiro, toda vez que está pendente a recepción dos kits de detidos para a instalación nos mesmos.

- Clase III: A data prevista para a súa entrega sería non máis tarde do vindeiro 28 de febreiro de 2022 (os dous furgóns destinados ao servizo de atestados atópanse fabricados e en tránsito a España).

- Clase IV: O furgón de seguridade cidadá está en proceso de transformación con entrega programada do mes de xaneiro de 2022.

- Clase V: Os dous SUV foron recepcionados nas instalacións do adxudicatario. Nas vindeiras datas iniciárase o proceso de transformación.

Sexto.- O vehículo con matrícula 2138 JTJ (da clase II) do contrato renting cuxa continuidade foi obxecto do Acordo citado no antecedente primeiro, sufriu un accidente o 07 de setembro de 2021, e segundo a pericial practicada o valor de reparación excede notoriamente o valor venal e de afección, polo que non está dispoñible para o servizo.

## FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- O Acordo da Xunta de Goberno Local de 12 de agosto de 2021 contempla unha prórroga que remata coa entrega dos vehículos do novo contrato, o que non ten acontecido no día da data.

Segundo.- O Acordo da Xunta de Goberno Local de 21 de outubro contempla a autorización de gasto adicional ata o 31 de decembro de 2021, resultando indispensable ampliar a autorización do gasto ata a efectiva entrega dos novos vehículos, cunha previsión máxima de 28 de febreiro de 2022, nos seguintes termos:

<i>Tipo Veh.</i>	<i>N.º Veh.</i>	<i>PREZO veh./día con IVE</i>	<i>PREZO (60 días con IVE;mes de 30 días)</i>
<i>CLASE I</i>	8	35,12	16.857,60
<i>CLASE II</i>	3	39,69	8.811,18
<i>CLASE III</i>	1	60,73	4.494,02
<i>CLASE IV</i>	2	46,56	6.890,88
<i>CLASE V</i>	2	46,72	6.914,56
	<b>12</b>		<b>43.968,24</b>





**Concello de Vigo**

En mérito de canto antecede, previo informe da Intervención Xeral vense en propoñer á Concelleira delegada de Seguridade que eleve á Xunta de Goberno Local a seguinte proposta de

#### ACORDO

1º Aprobar e dispoñer no expediente 43.577/212 un gasto adicional por importe de 43.968,24 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 7.630.85 €, con cargo ao exercizo orzamentario de 2022, correspondente ao período comprendido entre o 01 de xaneiro de 2022 e o 28 de febreiro de 2022 a favor da mercantil BANCO SANTANDER, S.A., con cargo á aplicación orzamentaria 1320.2040000 (renting vehículos da Policía Local) e o seu nivel de vinculación xurídica.

#### **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

#### **12(1155).- PRÓRROGA DURANTE O ANO 2022 DO “ACORDO PARA A AMPLIACIÓN DAS XORNADAS LABORAIS PARA O SERVIZO DA POLICÍA LOCAL”. EXPTE. 39031/220.**

Visto o informe de fiscalización do 29/12/2021, dáse conta do informe-proposta de data 30/12/2021, asinado pola técnica de Formación e Avaliación, a xefa da Área de Recursos Humanos e Formación e pola concelleira-delegada de Xestión Municipal, que di o seguinte:

En data 14 de decembro de 2021 recíbese na Area de Recursos Humanos e Formación informe proposta asinado polo Intendente da Policía Local e conformado pola Concelleira delegada da Area no que se propon a aprobación pola Xunta de Goberno Local da prórroga durante o ano 2022 do Acordo para a ampliación das xornadas laborais para o servizo da Policía Local aprobado pola Xunta de Goberno Local o 22 de xuño de 2017 (expte. 72494-212) coa modificación puntual do número máximo de xornadas a realizar - 4420 xornadas - e o importe máximo das mesmas, que sen contar coa eventual prolongación da xornada de reforzo, ascendería a 1.042. 639,52 €; todo elo co obxectivo principal de poder acometer de xeito eficaz necesidades ordinarias puntuais e os eventos extraordinarios detallados no apartado VI, así coma os que de xeito imprevisto poidan acontecer ao longo do ano, ante a insuficiencia dos recursos humanos ordinarios.

Motivase dita petición, entre outros , nas seguintes:

- Carencia de efectivos no Servizo da Policía Local , dada a poboación censada a extensión do seu territorio e a densidade de poboación .
- As funcións das Policía locais reguladas no art. 53 da L.O. 2/86 de Forzas e Corpos de Seguridade, e na Lei 4/07 de Galicia sobre Coordinación das Policía locais de Galicia.
- A complexidade do espazo urbano en canto a súa extensión, intensidade e variedade de usos; (gran espazo rural, con núcleos de poboación relevantes, zonas verdes, etc)
- O ruído ambiental xerado polo tráfico de vehículos sobre os que se proxectan unhas esixencias técnicas que é indispensable facer cumprir;

- A crecente demanda dos cidadáns de protección do seu dereito á intimidade persoal e familiar e á integridade física nos seus domicilios, tantas veces expostos polas gravísimas inxerencias de fontes sonoras xeradas principalmente por actividades recreativas;
- A preservación das rúas e demais espazos públicos para o seu uso común e xeral polo conxunto da cidadanía, tantas veces ameazado polo uso indebido ou abuso de terceiros (ocupacións con colectores e sacos para cascallos; con estadas, terrazas dos negocios de hostalería, etc.);
- Unha extensa liña de costa cos seus areais de concorrencia masiva nos meses estivais;
- Os fenómenos modernos de grandes concentracións de persoas en espazos públicos non ideados a tal fin e que en non poucas ocasións xeran comportamentos incompatibles coas máis elementais normas de boa veciñanza;
- O fenómeno da venda ambulante ilegal que conocidamente leva implícito a de xéneros de ilícito comercio;
- A execución das ordes xudiciais de afastamento das vítimas de violencia de xénero co Corpo Nacional de Policía.
- A vixilancia estática en edificios e instalacións Municipal,
- As tarefas de carácter administrativo derivadas directamente da súa funcións de vixilancia, denuncia, intervención en conflitos privados e, así mesmo, outras tarefas administrativas que resultan alleas coma son os informes de convivencia, expedición de tarxetas de discapacitados, autorización residentes Casco Vello, autorización residentes zona Xer, autorización contedores, transportes especiais, mudanzas, actos de comunicación xudicial, etc.

Como xustificación da proposta sinalase:

- garantir a prestación ordinaria das funcións previstas no ordenamento dun xeito eficaz.
- abordar profesionalmente os servizos de carácter extraordinario, mesmo eventos que sin ter ese acusado carácter, demandan gran cantidade de dispositivos policiais
- Campañas de prevención.
- Aprobar as petición de goce dos días acumulados- horas extraordinarias realizadas por necesidades do servizo- que non se puideron conceder pola Xefatura por quedar os efectivos en servizo por debaixo dos servizos mínimos establecidos en cada sección.

Inclúese no informe mapa de eventos extraordinarios previstos para 2022, sen prexuízo dos que se poidan ir sumando, - (concentracións, manifestacións, folgas, etc), dada a súa continxencia e a imposibilidade de prevelos con antelación -, e que inclúen eventos deportivos , relixiosos, culturais e festivos, vixancias especiais en zoas forestais e areais, etc

Así mesmo, no informe do servizo da Policía Local indicase que “a contención da expansión do coronavirus COVID-19 está a provocar que as administracións territoriais, no ámbitos das súas competencias estean adoptando medidas de restrición da liberdade deambulatoria e de actividades comerciais. En especial o Goberno Central coa declaración do estado de alarma mediante o RD 926/2020, de 25 de outubro, prorrogado ata o 9 de maio do 2021 mediante o RD 956/2020, de 3 de novembro, e os Decretos e demais disposicións do Presidente da Xunta de Galicia como autoridade competente delegada para a aplicación das previsións contidas nas disposicións antes mencionadas.

Este marco normativo implica unha intensa intervención do control social da mobilidade e de diversas actividades comerciais, que representa para tódalas FFCCS unha notable ampliación da súa actividade ordinaria, en tanto non se normalice a situación.”

Solicítase a prorroga de dito acordo, coa autorización de 4420 xornadas como máximos, nas circunstancias de realización contempladas no acordo do ano 2017, o que suporá un gasto máximo das mesmas, sen contar coa eventual prolongación da xornada de reforzo, a cantidade 1.042.639,52 €.



## Concello de Vigo

Nas vixentes Instrucións sobre Cadro de Persoal e Relación de postos de traballo do persoal ao servizo da corporación e dos seus organismos autónomos aprobadas pola Xunta de Goberno Local na súa sesión de data 20 de setembro de 2010 e vixentes na actualidade, recollen no seu punto terceiro, apartado j) :

–Os programas de disponibilidad horaria que fose preciso acometer en atención a circunstancias excepcionais que podieran concurrir nalgún servizo, nas condicións que regulamentariamente aprobe a Xunta de Goberno local e previa elaboración por parte da Unidade Xestora dun estudo da concurrencia de circunstancias motivadoras excepcionais e urxentes, a imposibilidade de reasignación de efectivos e/ou de prestar o servizo cos efectivos existentes e os obxectivos a acadar co dito programa.

Así mesmo, nas Bases de execución do Orzamento vixentes, contemplase que: no caso excepcional de existencia de gastos relativos a xornadas de reforzo e gratificacións por prestacións feitas fora da xornada laboral, ós efectos do apartado 1.1.c), se comprobará que: no caso de xornadas de reforzo ou disponibilidad, existe un plan aprobado, cuantificando o número de xornadas, coste de cada unha delas e custe total. Se comprobará igualmente que para súa fiscalización se adxunta a certificación do Xefe do servizo en canto a súa execución, facendo constar na mesma ou nun documento inpedente, como mínimo a seguinte información: o nome do empregado que executou as horas ou a xornada, o día en que se se fixo, referencia sucinta as necesidades a cubrir, as horas feitas si se trata de gratificación, ou xornadas si se trata de reforzos.

En canto aos demais aspectos, remítese aos informes emitidos polos técnicos da Área de Recursos Humanos con respecto aos expedientes 34002/212 e 34267/212 , correspondentes a aprobación dos programas de reforzos dos anos 2009 e 2010 así como en informes anteriores, en canto a necesidade de realización un exhaustivo estudo da organización do servizo en canto a turnos, réxime de descansos, establecemento dos períodos vacacionais e asuntos propios, xornada laboral anual realizada polos diferentes turnos, persoal adscrito as diferentes seccións, réxime horario das distintas quendas, análise do absentismo e da siniestralidade laboral, etc, por si fora necesario realizar axustes nestes parámetros que permitisen optimizar o servizo e que deran lugar a redución das xornadas de reforzo a realizar.

A realización das xornadas de disponibilidad aboaranse en concepto de produtividade, concepto que forma parte das retribucións complementarias dos funcionarios públicos, recollidas tanto no TREBEP como R.D. 861/86, de 25 de abril, polo que se regula o réxime de retribucións dos funcionarios da Administración local, e esta destinado a retribuí-lo especial rendimento, actividade extraordinaria, e o interese e iniciativa coa que o funcionario desenvolve o seu traballo.

A apreciación da produtividade deberá realizarse en función de circunstancias obxectivas relacionadas directamente co desempeño do posto de traballo e obxectivos asignados ao mesmo, sen que en ningún caso as contías asignadas por dito complemento durante un período de tempo devenguen dereito individual algún verbo das valoracións ou apreciacións correspondentes a períodos sucesivos.

As cantidades que perciba cada funcionario por este concepto serán de coñecemento público, tanto dos demais funcionarios da Corporación como dos representantes sindicais dos traballadores/as.

O programa de disponibilidad da Policía Local aprobado pola Xunta de Goberno en sesión ordinaria do 22 de xuño de 2017 (Expte 30140-220), conta coa conformidade sindical, tal e como consta no documento incorporado a dito expediente no tramite nº 21, segundo do disposto no artigo 37 do Real Decreto Legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto refundido 5/2015 da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público.

No informe do servizo de data 14/12/2021 sinalase que “Para o exercicio das citadas competencias, que se prestan de xeito integral as 24 horas do día todos os días do ano, o Corpo contará en xaneiro do 2022 con un total de 279 postos de traballo ocupados, aos que haberá que aumentarlle as 61 prazas convocadas pola OPE que está tendo lugar neste mes de decembro de 2021, a que tamén haberá que restarlles as xubilacións que se vaian producindo ao cabo do ano.

Revisados os datos comprobouse que a data de hoxe figuran vacantes no servizo da Policía local os seguintes postos:

- 1 Superintendente xefe
- 2 Inspectores principais (incluídas en OEP-2021 pendente de aprobación)
- 8 Inspectores (unha incluída en OEP-2019, 5 en OEP-2020 e unha en OEP-2021, pendente de aprobación)
- 10 oficiais ( OEP-2020)
- 1 oficial intendencia (OEP-2020)
- 99 policías, (61 en OEP-17/18/19), 24 en OEP-2020 e 9 en OEP-2021, pendente de aprobación)
- 1 policía EVAP

Polo que, do total de 401 postos que conforman o servizo da Policía Local, a data de hoxe 279 están ocupados e figuran 122 vacantes.

Con respecto as novas incorporacións, estas se prevé se realicen no caso dos 15 efectivos por mobilidade horizontal a partires do 01/03/2022 e no caso dos 41 postos de acceso libre non antes do 01/04/2022, realizándose a súa incorporación como funcionarios en practicas, debendo superar o curso selectivo da AGASP, antes de ser nomeados funcionarios de carreira.

Os posibles acordos que poidan acadarse en canto a reorganizacions e/ou reestruturacions no servizo, aprobadas polo Organo Competente, así como os incrementos da plantilla pola incorporacion de efectivos tra-la execucion das OEPs, debera supor necesariamente a minoración no número e no custo das xornadas de disponibilidad a realizar, salvo que concurran circunstancias acreditadas da necesidade de acometelas.

Con respecto ao numero de xornadas de dispoñibilidade solicitadas para o ano 2022, informase que as autorizadas para o ano 2021 foron un total de 4609, 3627 xornadas no ano 2020 e 3406 no ano 2019.

A autorización da realización das xornadas de dispoñibilidade realizarase previa solicitude do servizo da Policía Local na que conste as circunstancias excepcionais e coxunturais que motiva a necesidade de realización de xornadas de dispoñibilidade, numero de efectivos previstos e custo das mesmas, e una vez que por parte da Intervencion Xeral sexa realizada a fiscalización previa do gasto, ao abeiro do disposto nos artigos 213 a 223 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais e Bases de Execución dos Orzamentos Municipais vixentes, verificando a existencia de crédito suficiente na aplicación orzamentaria correspondente a produtividade no programa 1320.

A realización das xornadas de reforzo nas condicións previstas no Acordo Marco viran xeradas única e exclusivamente pola execución puntual de campañas preventivas, eventos ou circunstancias sobrevidas polo que non teran carácter estable nin a súa realización será de xeito lineal mensual. Retribuiranse en concepto de produtividade, polo que non poden ser consideradas de xeito algun retribucións de carácter fixo nin periódico.

#### FISCALIZACIÓN PREVIA

Sométese a fiscalización previa da Intervención Xeral, de conformidade co disposto na lexislación reguladora sobre facendas locais (artigos 213 a 223), en relación á existencia de crédito suficiente na partida de imputación do gasto 132.0.1500000-“Produtividade” do orzamento do ano 2022, aprobado definitivamente polo Pleno da Corporación Municipal, en sesión do día 22 de decembro do 2021, que deberá rexer durante o exercicio económico de 2022.

#### RÉXIME COMPETENCIAL

Corresponde a competencia á Xunta de Goberno Local.

#### PROPOSTA QUE SE SOMETE Á PRECEPTIVA FISCALIZACIÓN PREVIA:



## Concello de Vigo

Vistas as circunstancias anteditas, e previo o preceptivo informe de fiscalización previa que pola Intervención Xeral Municipal se emita nos termos do disposto nos artigos 213 a 223 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba a Lei Reguladora das Facendas Locais, , propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte:

- 1.- Prórrogar durante o ano 2022 o Acordo para a ampliación das xornadas laborais para o servizo da Policía Local aprobado pola Xunta de Goberno Local o 22 de xuño de 2017 (expte. 30140/220) e que terá como obxectivo principal seguir garantindo a prestación ordinaria das funcións legalmente atribuídas cun mínimo de eficacia e satisfacción social e, atender, ao mesmo tempo, os importantes eventos e campañas inicialmente previstas, en aquelas circunstancias coxunturais nas que poidan ser precisas.*
- 2.- Aprobar a realización dun número máximo de xornadas anuais (4420) , sendo o seu custo máximo, sen contar coa eventual prolongación de xornada, de 1.042. 639,52 €;*
- 3.- Delegar na Concelleira delegada da Área de Contratación, Patrimonio e Xestión Municipal (delegacións competenciais por Decreto da Alcaldía do 16/04/2021 e acordo da Xunta de Goberno Local de data 22/04/2021), a tramitación dos expedientes en execución do Plan Marco, tanto en canto a autorización trimestral das xornadas como a autorización do gasto e recoñecemento das obrigas devengadas en execución das mesmas*
- 4.- A autorización da realización das xornadas de dispoñibilidade realizarase previa solicitude do servizo da Policía Local na que conste as circunstancias excepcionais e coxunturais que motiva a necesidade de realización de xornadas de dispoñibilidade, número de efectivos previstos e custo das mesmas, e una vez que por parte da Intervención Xeral sexa realizada a fiscalización previa do gasto, ao abeiro do disposto nos artigos 213 a 223 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais e Bases de Execución dos Orzamentos Municipais vixentes, verificando a existencia de crédito suficiente na aplicación orzamentaria 132.0.150.0000.*
- 5.- A realización das xornadas de reforzo nas condicións previstas no Acordo Marco viran xeradas única e exclusivamente pola execución puntual de campañas preventivas, eventos ou circunstancias sobrevidas polo que non terán carácter estable nin a súa realización será de xeito lineal mensual. Re-tribuiranse en concepto de produtividade, polo que non poden ser consideradas de xeito algun retribucións de carácter fixo nin periódico*
- 6.- Os posibles acordos que poidan acadarse en canto a reorganizacions e/ou reestruturacions no servizo, aprobadas polo Organo Competente, así como os incrementos da plantilla pola incorporación de efectivos tra-la execución das OEPs, deberá supor necesariamente a minoración no número e no custo das xornadas de dispoñibilidade a realizar, salvo que concurran circunstancias acreditadas da necesidade de acometalas, sendo necesaria a aprobación dun novo “acordo marco” de axuste do programa.*

Dése traslado do presente acordo aos correspondentes servizos, Concelleira-delegada da Area, Intervención Xeral e Comité de Persoal aos efectos oportunos.”

Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 MES a contar dende o día seguinte ó da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de 2 meses dende o día seguinte ó da súa notificación ou publicación, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa.

### **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**13(1156).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN POLO PROCEDEMENTO ABERTO DAS OBRAS DO "NOVO PARQUE DE BOMBEIROS E PROTECCIÓN CIVIL". EXPTE. 1136/441.**

Visto o informe xurídico do 27/12/2021 e o informe de fiscalización do 29/12/2021, dáse conta do informe-proposta do 27/12/2021, asinado polo xefe do Servizo Administrativo e de Control Orzamentario, a concelleira-delegada de Área (Resolución do 16/12/2021) e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

**I.- ANTECEDENTES DE FEITO**

**1º.-** Previo informe da Oficina de Supervisión de Proxectos, I.T.O. e Asistencia Municipal de data 08/11/2021, o pertinente informe xurídico con proposta de resolución de data 10/11/2021 e informe da Intervención Xeral de data 12/11/2021, a Xunta de Goberno Local, en sesión de data 18/11/2021 aprobou o proxecto do **"NOVO PARQUE DE BOMBEIROS E PROTECCIÓN CIVIL"**, redactado polos Arquitectos David Carvajal Rodríguez-Cadarso e Juan Luis Piñeiro Ferradás, cun orzamento base de licitación máis IVE de **DOUS MILLÓNS NOVECENTOS NOVENTA E TRES MIL SETECENTOS TRINTA E OITO EUROS CON TRINTA E UN CÉNTIMOS (2.993.738,31 €)** e asinado dixitalmente en data 22/10/2021 (Expte. 5264-443).

**4º.-** No expediente de contratación consta a documentación que segue:

- A) O proxecto obxecto do expediente aprobado pola Xunta de Goberno Local en sesión de data 18/11/2021 que se corresponde co expediente administrativo 5264/443 e que inclúen o Prego de Prescricións Técnicas redactado polos Arquitectos David Carvajal Rodríguez-Cadarso e Juan Luis Piñeiro Ferradás, con data 22/10/2021
- B) Informe de xustificación da necesidade e idoneidade do contrato, asinado pola Técnica de Xestión, polo Xefe da Oficina de Supervisión de Proxectos e polo Xefe do Servizo Administrativo de Control Orzamentario en data 25/11/2021
- C) Resolución de inicio do expediente de contratación asinada polo Concelleiro Delegado da Área de Fomento e Servizos de data 25/11/2021.
- D) Memoria económica asinada pola Técnica de Xestión, o Xefe Administrativo e de Control Orzamentario da Área de Fomento e polo Concelleiro Delegado da Área de Fomento e Servizos de data 06/12/2021.
- E) Certificados de existencia de crédito (RC FUT 202100128118) asinados polo Director Superior Contable en data 06/12/2021.
- F) Acta de replanteo do proxecto asinada polos Arquitectos David Carvajal Rodríguez-Cadarso e Juan Luis Piñeiro Ferradás, en data 15/12/2021



## Concello de Vigo

- G) Memoria xustificativa para a redacción do PCAP redactada polo Servizo Xestor e asinada en data 16/12/2021
- H) Informe do Servizo de Contratación de comprobación da documentación esixida pola normativa de contratación pública, asinado pola Xefa do Servizo de Contratación en data 17/12/2021.
- I) Prego de Cláusulas Administrativas Particulares asinado pola Xefa do Servizo de Contratación en data 23/12/2021

### II.- FUNDAMENTOS TÉCNICOS E XURÍDICOS

**Primeiro.-** A iniciación do expediente de contratación corresponde ao Órgano de Contratación (artigo 116.1 LCSP), que nos municipios de gran poboación, como é o de Vigo, é a Xunta de Goberno Local (Disposición Adicional 2ª.4 LCSP) e, por delegación desta (acordo da Xunta de Goberno Local de 19/06/2015), aos concelleiros de Área.

**Segundo.-** O expediente refírese á totalidade do obxecto do contrato e nel, e no expediente que se achega, constan as actuacións preparatorias do contrato de obras, esixidas polos artigos 231 e seguintes da LCSP —elaboración, supervisión, aprobación e replanteo do proxecto— así como o Prego de Cláusulas Administrativas particulares e o de Prescricións Técnicas, reitores do contrato.

**Terceiro.-**No expediente xustifícase a necesidade e idoneidade do contrato (artigos 28 e 116.4.e da LCSP), a clasificación esixida aos participantes (artigo 116.4.b da LCSP), os criterios de solvencia económica (artigo 116.4.c da LCSP), o valor estimado do contrato con indicación de todos os conceptos que o integran, incluíndo os custes laborais (artigo 116.4.d da LCSP) a xustificación do prezo do contrato e o seu método de cálculo (artigo 112 da LCSP), os criterios de adxudicación e a súa adecuación ao obxecto do contrato (artigo 145.1 da LCSP), a non división en lotes (artigo 116.4.g da LCSP), así como as fórmulas de valoración (artigo 146.2 da LCSP). Non é necesaria a xustificación do procedemento por tratase dun procedemento aberto. Xustifícase a adecuación urbanística (informe da oficina de supervisión de proxectos de data 19/07/2021) e o cumprimento da normativa sectorial.

**Cuarto.-** Consta na memoria económica elaborada polo servizo xestor xustificación de que non existe desequilibrio orzamentario por atoparse contemplado o gasto no orzamento e que non afectará á sustentabilidade financeira do Concello (artigo 7.3 da Lei orgánica 2/2012, de 27 de abril).

**Quinto.-** É preceptivo previa aprobación do expediente de informe da titular da Asesoría Xurídica (Disposición Adicional 3ª.8 da LCSP), así como a incorporación de certificado de existencia de crédito e fiscalización previa da Intervención (artigo 116.3 da LCSP).

**Sexto.-** A aprobación do expediente de contratación correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación (Disposición Adicional 2ª.4 da LCSP).

Por todo o exposto, e unha vez se incorporen ao expediente os devanditos informe da titular da Asesoría Xurídica e informe de fiscalización, propónse á Xunta de Goberno Local que adopte o seguinte acordo:

**Primeiro.-** Aprobar o expediente de contratación a través de procedemento aberto e tramitación ordinaria das obras de **“NOVO PARQUE DE BOMBEIROS E PROTECCIÓN CIVIL”**, redactado polos Arquitectos David Carvajal Rodríguez-Cadarso e Juan Luis Piñeiro Ferradás, cun orzamento base de licitación máis IVE de 2.993.738,31 €.

**Segundo.-** Aprobar o Prego de Cláusulas Administrativas particulares que rexerá o contrato asinado pola Xefa do Servizo de Contratación de data 23/12/2021.

**Terceiro.-** Autorizar o gasto por importe total do expediente de contratación, que ascende a un importe máximo de **DOUS MILLÓNS NOVECENTOS NOVENTA E TRES MIL SETECENTOS TRINTA E OITO EUROS CON TRINTA E UN CÉNTIMOS (2.993.738,31 €)**, sendo o importe correspondente ao IVE de 519.574,42 €.

Para o seo financiamento aplicaranse os créditos do orzamento do Concello de Vigo, na partida orzamentaria 1360.622.00.00 (1a ANUALIDADE, NOVO PARQUE DE BOMBEROS).

Ao ter o financiamento carácter plurianual, o mesmo terá a seguinte distribución por anualidades:

2022	1.300.000,00 €
2023	1.693.738,31 €
TOTAL	2.993.738,31 €

As diferentes anualidades imputaranse aos exercicios orzamentarios detallados, quedando o gasto subordinado ao crédito que para cada exercicio se consigne no orzamento, segundo o disposto no artigo 117.2 LCSP.

**Cuarto.-** Para posibilitar a execución do proxecto, conforme ao plan de obra previsto e ás dispoñibilidades orzamentarias, modifícanse as porcentaxes de gastos establecidas para os importes plurianuais, en base ao disposto no artigo 174 do RDL 2/2004 de 5 de marzo que aproba o texto refundido da Lei de Facendas Locais, quedando establecido respecto ao previsto no presente exercicio para a segunda anualidade nun 130,29 %.

**Quinto.-** Abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente.

## **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.





## **Concello de Vigo**

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. Presidente rematou a sesión ás catorce horas e quince minutos. Como secretaria dou fe.

MEF.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,  
Yolanda Aguiar Castro.

O ALCALDE  
Abel Caballero Álvarez